

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de maio de 2018
Duración	Desde as 20:40 ata as 22:20 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria acctal.	MARIA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	NON
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
35445066L	ROSA MARIA MENDEZ ARAGUNDE	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada polo Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE ABRIL DE 2018

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 2367/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2018

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Para explicar o asunto que se trata neste punto da Orde do Día, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que se trata do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2018 e que importa a cantidade total de 399.163,53 €, cantidade procedente de facturas correspondentes a subministro e servizos prestados durante no pasado ano 2017 e que foron presentadas no presente exercicio. As nomeadas facturas corresponden, na súa maioría, a gastos por consumo eléctrico, e o resto delas a gastos por indemnizacións derivadas de asistencia a órganos colexiados e probas selectivas de persoal.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Continúa dicindo que, como novidade neste ano, xúntase ao expediente unha relación de facturas con reparos formulados pola Intervención municipal, entre as cales destacan las de Fenosa, aclarando que unha vez celebrado o contrato marco da FEGAMP deixarán de repararse.

Pide a palabra a voceiro do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que, unha vez máis, estamos ante un tipo de expediente que se repite en todos os exercicios, un procedemento permitido pola lei para evitar o enriquecemento inxusto da administración e garantir o pagamento a todos os provedores; e, a pesares de estar de acordo en que se debe cumprir con estas obrigas contraídas, é necesario non esquecer que se trata dunha excepción; sen embargo, observa que tamén hai facturas correspondentes a exercicios anteriores ao 2017. Polo anterior e por tratarse dunha actuación caracterizada pola súa excepcionalidade, pide que se busque o xeito de efectuar o pagamento das débedas contraídas sen necesidade de recorrer a un recoñecemento extraxudicial de créditos e que provocan o atraso nos pagamentos

Finalmente mostra o seu apoio á aprobación deste expediente pero, sempre e cando, se busquen fórmulas para evitar este tipo de procedemento, os reparos e a aprobación do pagamento das facturas fóra de tempo.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para trasladar o seu desacordo no xeito de proceder do grupo de goberno en relación co asunto que se está a tratar, ao abeiro dos reparos formulados pola Intervención. Destaca, así mesmo, que a relación de facturas reparadas superan os 360.000 euros, mentres que a relación sen reparar importan tan só 8.700 euros, cifras que indican que son moitos os servizos ou subministros que de xeito recorrente se adquiren ao marxe da normativa da contratación pública, polo que reproba esta forma de actuar do goberno, instando a que se proceda a seguir os procedementos legais para evitar este tipo de reparos.

Inicia a súa intervención o voceiro do grupo do BNG, **D. Xosé Magariños**, manifestando que está de acordo en que os provedores teñen que cobrar os seus servizos, sen embargo, a pesares de que este procedemento é excepcional, estase a converter en habitual por repetirse ano tras ano, sen que se corte con esta maneira de actuar. Indica que comprende que se inclúan facturas do ano 2017 pero que entraron no presente ano, pero non entende que haxan facturas doutros anos anteriores.

Finalmente manifesta que espera que sexa o último Pleno no que se teñan que tratar expedientes ou asuntos deste tipo.

Ante as anteriores intervencións, o **Sr. Blanco Carracedo** explica que é inevitable no recorrer a este tipo de procedementos de recoñecementos extraxudiciais de crédito porque é obrigatorio pagar os servizos prestados e os provedores presentan a súas facturas fóra do exercicio que corresponde, a pesares de que o departamento de Intervención os avisa con anterioridade. Por outra banda, hai subministros, como os eléctricos, que son efectuados durante o mes de decembro e, loxicamente, a súa facturación emítese no mes de xaneiro. No que respecta aos reparos formulados pola Intervención, xa explicou que xa se lle buscou solución a través da contratación do subministro eléctrico a través do contrato marco



mencionado na súa anterior intervención, queda pendente de buscar solución a aqueles reparos que se formulan ás facturas por subministro eléctrico de Hidroeléctrica de Silleda, pero se está a traballar para solucionar este tema.

No que se refire ás facturas de anos anteriores ao 2017, aclara que non é culpa do goberno nin do departamento de Intervención, senón dos propios provedores que non as presentan dentro do ano que corresponde, porque aquelas contas que se presentan correctamente dentro do seu exercicio son xestionadas diligentemente polo departamento de Intervención.

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase (polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e BNG e a abstención de MÓVETE) o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 13/04/2018, en relación ao asunto que se indica de seguido.

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2018 (Expediente Gestiona nº 2367/2018), incoado co obxecto de aprobar unha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias, segundo se detalla na Providencia da Alcaldía de 12/04/2018

Visto o informe de Intervención municipal de data 12/04/2018, formulando reparos suspensivos ao pagamento dalgúns gastos do expediente.

Vista a diversa documentación que consta no expediente.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na súa sesión do 19/04/2018.

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990 do 20 de abril, esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDAMOS:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola Intervención municipal, entendendo que é urxente e inaprazable a necesidade de aprobar estes gastos, ao terse acreditado a realización das prestacións respectivas (segundo o sinalado na Providencia da Alcaldía de data 12/04/2018)

Segundo.- Aprobar e proceder ao posterior pagamento dos gastos incluídos no expediente número 1/2018 de recoñecemento extraxudicial de créditos (Expediente Gestiona nº 2367/2018) por un total de 399.163,53 euros a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se detallan:

- Relación de contas nº 16 (Exped. Gestiona 1132/2018) por importe líquido de 363.278,43 euros con reparos de intervención (recoñecemento: 363.278,43 euros máis unha retención de I.R.P.F. por importe de 415,92 euros facendo un total de 363.694,35 euros).
- Relación de contas nº 32 (Exped. Gestiona 2274/2018) por importe de 8.552,01 euros. (recoñecemento: 8.552,01 euros máis unha retención de I.R.P.F. por importe de 150,45 euros facendo un total de 8.702,46 euros).



- Indemnizacións por asistencias a órganos colexiados de persoal funcionario (Exped. Gestiona 4899/2017) por importe de 137,67 euros (RC nº 2018006019).
- Indemnizacións por asistencias a probas selectivas de persoal (Exped. Gestiona 2151/2017 por importe de 838,25 euros (RC nº 2018006020) .
- Indemnizacións por gastos de locomoción persoal funcionario Exped. Gestiona 701/2018 (RC nº 2018006021) por importe de 94,20 euros.
- Gastos de comunidade e outros. piso cedido dep.serv.sociais Exped. Gestiona 2310/2018 (RC nº 2018006022) por importe de 94,00 euros.
- Indemnizacións por asistencias a órganos colexiados e sesións dos Concelleiros/as (Exped. Gestiona 27/2018) por importe de 25.602,60 euros (RC 2018000174) .

Expediente 4472/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO CAMBIO DE CRITERIOS DO USO DE ESPAZOS PÚBLICOS.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para presentar a moción se lle outorga a palabra ao voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, quen pasa a expoñer que mediante a mesma preténdese que o goberno municipal cambie os criterios de uso dos espazos públicos: Teatro Principal, MOME, Sala de Exposicións ABANCA e outros que puidesen ser habilitados no futuro para que poidan ser usados para actos de todas as forzas políticas, tanto en campaña electoral como noutro tempo, sempre que cumpran coa Lei de Partidos e que se adapten en datas e horarios para non interferir en programacións xa previstas nos mesmos pola xestión municipal.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 12/11/2017 (2017-E-RCIO-2) polo grupo político municipal do BNG, que se transcribe literalmente de seguido:

“A acción de goberno municipal baséase, por un lado na adopción de decisións políticas derivadas do contraste de plantexamentos as distintas forzas que conforman a dinámica municipal, ben desde a maioría que goberna, ben desde a oposición que controla e contribúe a esa acción de goberno, e por outra banda, na materialización desas decisións políticas a través da xestión nos distintos ámbitos que afectan directamente á cidadanía.

Ámbolos dous piares da acción de goberno non poden ser alleos aos aportes e mesmo veredictos dos cidadáns e das cidadás. Tanto é así, que o traballo de oposición é unha actividade política xenuinamente relacionada coa cidadanía e coa visión e reflexión que lle merece a xestión do goberno, ben por acción e tamén ás



veces por omisión.

Pois ben, para que esa dinámica, imprescindible en democracia, non tropece con limitacións que supoñan desigualdades no dereito á información e ó debate público dos representados na institución municipal, cómpre que o goberno sexa garante de que todas as forzas políticas dispoñan das máximas facilidades para poder comunicarse coa cidadanía, ben para facerlle chegar as súas mensaxes ou para promover debates a respecto dos asuntos que inciden na cousa pública.

Desde o grupo municipal do BNG enténdese que estas condicións a día de hoxe non se cumpren, xa que non se lle garante a todas as formacións a posibilidade de dispor de espazos públicos para estes fins, tendo que recorrer a espazos privados para esta labor, facendo pouco menos que imposible esta dinámica de comunicación e participación cidadá.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG de A Estrada solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Que o goberno municipal cambie os criterios de uso dos espazos públicos: Teatro Principal, MOME, Sala de Exposicións ABANCA e outros que puidesen ser habilitados no futuro para que poidan ser usados para actos de todas as forzas políticas, tanto en campaña electoral como noutro tempo, sempre que cumbran coa Lei de Partidos e que se adapten en datas e horarios para non interferir en programacións xa previstas nos mesmos pola xestión municipal.”

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en data 25/04/2018.

ACORDAMOS:

Que o goberno municipal cambie os criterios de uso dos espazos públicos: Teatro Principal, MOME, Sala de Exposicións ABANCA e outros que puidesen ser habilitados no futuro para que poidan ser usados para actos de todas as forzas políticas, tanto en campaña electoral como noutro tempo, sempre que cumbran coa Lei de Partidos e que se adapten en datas e horarios para non interferir en programacións xa previstas nos mesmos pola xestión municipal.

Expediente 1807/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA PERMITIR O VOTO TELEMÁTICO DOS/DAS CONCELEIROS/AS NOS SUPOSTOS DE BAIXA POR MATERNIDADE, PATERNIDADE, EMBARAZO E ENFERMIDADE GRAVE

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Toma a palabra a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, quen pasa a explicar a moción que se transcribe literalmente de seguido:

“A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes, dirixindo a tódolos poderes públicos un mandato de remoción das situación de constatable desigualdade fáctica, non



corrigibles pola soa formulación do principio de igualdade xurídica.

Esta mesma Lei, na disposición final sétima da Lei de Igualdade, sobre “Medidas para posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo”, determina que: “O Goberno promoverá o acordo necesario para iniciar un proceso de modificación da lexislación vixente co fin de posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo”.

Trátase dun específico mandato dirixido ao Goberno polo lexislador para que estableza as medidas necesarias para acadar o mencionado obxectivo, vinculado á consecución da igualdade real e efectiva de mulleres e homes nos ámbitos institucionais da representación política.

En virtude da mentada Lei Orgánica 3/2007, o Congreso dos Deputados, Senado e Parlamentos autonómicos, a través de diferentes medidas de reforma do Regulamento respectivo, teñen feito posible compatibilizar os permisos de maternidade e paternidade, embarazo e baixa por enfermidade 2 grave coas funcións públicas representativas dos cargos electos e, en xeral, a conciliación da vida familiar co exercicio de cargos públicos representativos.

Sen embargo, a pesar do tempo transcorrido dende a entrada en vigor da Lei 3/2007, respecto ás Entidades Locais, non se ten cumprido o mentado mandato ao Goberno. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local non ten sido modificada para posibilitar a compatibilidade entre o exercicio das funcións públicas representativas das/os concelleiras/os e o dereito que teñen a ser nais e pais a desfrutar do período de baixa, para os supostos legalmente establecidos de maternidade, paternidade, embarazo e enfermidade grave.

En consecuencia, na práctica real, tal e como se recolle nun informe elaborado en 2009 polo Observatorio de Derecho Europeo Autonómico y Local de la Universidad de Granada para o Congreso: «... las exigencias derivadas para una persona que ostente un cargo electo del hecho de tener que atender a las circunstancias que se desprenden de la maternidad o paternidad, pueden ocasionar, si no se adoptan las medidas necesarias y pertinentes, la imposibilidad de llevar a cabo temporalmente tareas dirigidas a la participación, así como la participación misma, en las decisiones que se adopten en el seno del órgano representativo del cual forma parte. De esta manera, se verían frustrados aunque fuere de manera temporal todos los elementos nucleares de la cadena representativa propia de un Estado democrático: por una parte, el derecho de quienes son representantes a ejercer sus funciones como tales y a participar en la toma de decisiones del órgano representativo para la formación de la voluntad popular como voluntad común representativa, objetivada conforme a los procedimientos establecidos en ello; por otra, el derecho de la ciudadanía representada, que conforme enuncia y garantiza la Constitución, ostenta el derecho a participar en los asuntos públicos tanto directamente como por medio de representantes; finalmente, y en estrecha e inescindible relación con los dos aspectos anteriores, la dimensión institucional que ha de garantizar que el órgano pueda conformar su voluntad a partir de las voluntades expresadas por las personas que lo integran conforme con la representatividad que portan ...». «Este planteamiento, como es lógico, proyecta su validez no solo sobre los supuestos de imposibilidad material de asistir a determinadas sesiones en las que se forma la voluntad del órgano por razones de atención a la maternidad o paternidad, sino también sobre aquellos otros en los que pudiera existir una



razón de entidad suficiente y ajena a la voluntad de las personas que ejercen funciones representativas para no poder estar presentes en las referidas sesiones...».

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de A Estrada á aprobación dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno do Estado a cumprir o mandato que lle impón a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

2.- Instar ao Goberno do Estado a promover o acordo necesario para iniciar un proceso de modificación da lexislación vixente co fin de posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo e establecer medidas efectivas ao respecto.

3. Instar ao Goberno do Estado a destinar fondos orzamentarios para o establecemento de medidas efectivas de voto telemático que permitan a concelleiras e concelleiros levar a cabo as tarefas dirixidas á participación e toma de decisións no seno dos órganos representativos dos que formen parte nos supostos de baixa por maternidade, paternidade, embarazo e enfermidade grave.

4.- Dar conta dos presentes acordos ao Goberno do Estado.”

Para finalizar, a Sra. Louzao, traslada o seu desexo que pronto se estableza o voto telemático nas sesións de todos os órganos colexiados.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 27/03/2018 (2018-E-RPLN-2) polo grupo político municipal PSdeG-PSOE.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en data 25/04/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado a cumprir o mandato que lle impón a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Segundo.- Instar ao Goberno do Estado a promover o acordo necesario para iniciar un proceso de modificación da lexislación vixente co fin de posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo e establecer medidas efectivas ao respecto.

Terceiro.- Instar ao Goberno do Estado a destinar fondos orzamentarios para o establecemento de medidas efectivas de voto telemático que permitan a concelleiras e concelleiros levar a cabo as tarefas dirixidas á participación e toma de decisións no seno dos órganos representativos dos que formen parte nos supostos de baixa por maternidade, paternidade, embarazo e enfermidade grave.



Cuarto.- Dar conta dos presentes acordos ao Goberno do Estado.

Expediente 1418/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN Á MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MÓVETE PARA GARANTIR O SISTEMA PÚBLICO DAS PENSÍONS

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concédeselle a palabra a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para expoñer a moción que se transcribe literalmente de seguido:

“Galicia é a segunda comunidade autónoma coas pensións máis baixas do Estado, con 740 euros de media e mesmo os xubilados da Estrada son os que menos cobran da provincia, con apenas 700 euros de pensión, 200 euros menos que a pensión media na provincia de Pontevedra, que se dispara ata os 901 euros. En cando ao retiro que cobran as mulleres estradenses ronda os 600 euros de media resultando, tamén, inferior á media galega e provincial. Ademais, hai que ter en conta que o número de xubilados no Concello da Estrada incrementa ano a ano superando na actualidade os 5.700.

Son varias as causas desta situación pois o gasto destinado neste concepto ao PIB en España é dos máis baixos de Europa, o que converte as nosas prestacións nunha das máis baixas do continente. Ademais, a decisión política que pretende favorecer ás entidades financeiras a través dos fondos privados de pensións, tampouco axuda a garantir dende o sistema político a redistribución da riqueza e a cohesión social. Outro problema que soporta o sistema de pensións, está no uso que se fai da recadación que destina o diñeiro a fins que non estaban previstos. Por iso o déficit non é consecuencia do número de pensionistas nin da falla de aportacións. O déficit prodúcese porque gastouse o Fondo de Reserva en obxectivos diferentes aos prantexados e de forma non transparente.

As causas de que as pensións galegas sexan das máis baixas do Estado teñen que ver coa precariedade laboral. Galicia é a cuarta comunidade autónoma cos peores salarios e onde a súa recuperación é a máis lenta e precaria xa que o 89% do traballo creado dende 2014 é precario e ten unha media dun 30% menos de salario asociado. A isto hai que sumarlle a temporalidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao Goberno Central á recuperación do poder adquisitivo das pensións con carácter retroactivo dende o ano 2011.

- Revalorizar as pensións segundo IPC como impera no artigo 50 da Constitución Española.*
- Que corran a cargo dos Orzamentos Xerais do Estado.*
- Derogar a norma lexislativa que impón que non se podan incrementar as pensións anualmente máis alá do 0,25%.*



2. Apoiar as mobilizacións promovidas polos pensionistas en defensa do sistema público de pensións.”

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para trasladar o apoio do seu grupo político ao sistema público das pensións, vital no funcionamento do noso país, considerando que se debería volver aos acordos unánimes para levar a cabo estudos de fórmulas para que este sistema sexa sustentable.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** manifestando o seu apoio ao sistema público de pensións, dotado polo esforzo de todos os cidadáns durante moitas xeneracións, non debendo permitir que este perigue polo desvío a pensións privadas.

O **Sr. Alcalde** considera que se trata dun asunto que acada a unanimidade de todos, por ser un problema que nos afecta a todos, polo que é necesario que dende esta administración reivindicemos que se faga o esforzo necesario para alcanzar a sostibilidade do sistema de pensións, e, por iso, o grupo de goberno apoia esta moción.

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a moción presentada con data 13/03/2018 (2018-E-RCIO-1) polo grupo político municipal de MÓVETE.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en data 25/04/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar ao Goberno Central á recuperación do poder adquisitivo das pensións con carácter retroactivo dende o ano 2011.

- Revalorizar as pensións segundo IPC como impera no artigo 50 da Constitución Española.
- Que corran a cargo dos Orzamentos Xerais do Estado.
- Derogar a norma lexislativa que impón que non se podan incrementar as pensións anualmente máis alá do 0,25%.

Segundo.- Apoiar as mobilizacións promovidas polos pensionistas en defensa do sistema público de pensións.

Expediente 2605/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE EN RELACIÓN Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS CON REPRESENTACIÓN MUNICIPAL CON MOTIVO DA LA CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar**, para dar lectura á moción conxunta elaborada entre todos os grupos políticos con representación municipal, e que se transcribe a continuación:

“En marzo de 2017 cumpríronse dez anos da firma da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Pero a súa aplicación en moitas áreas non se cumpriu.

O 2 de abril é o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo. Por iso, as persoas con autismo e as súas familias piden aos e ás responsables políticos que axuden a eliminar as barreiras que lles impiden desfrutar de todos os seus dereitos.

O Autismo afecta a 1 de cada 100 persoas.

En total, en Europa hai máis de 5 millóns de persoas con Autismo e 450 mil viven en España.

A pesar de que a concienciación sobre que é o autismo está medrando, moitas persoas con autismo e as súas familias consideran que non se terminan de comprender as súas necesidades.

Por isto, é importante que os responsables políticos e a sociedade comprendamos mellor os trastornos do espectro autista e axudemos ás persoas con autismo a participar plenamente na sociedade.

En virtude do exposto os grupos que forman parte do pleno do Concello de A Estrada,
ACORDA

1. Instar as administracións europea e estatal competentes a adoptar as leis que acaden unha accesibilidade firme e eficaz que teña en conta as necesidades cognitivas e sensoriais das persoas con autismo.

2. O Concello comprométese a traballar xunto ao movemento asociativo do autismo para identificar e eliminar as barreiras específicas ás que se enfrontan as persoas con autismo.

3.- O Concello insta aos responsables políticos, aos profesionais, aos líderes empresariais e á sociedade en xeral a que consulten e colaboren coas persoas con autismo e coas súas entidades para crear unha sociedade máis accesible e igualitaria en tódolos ámbitos da vida, asegurando o cumprimento da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.”

A **Sra. Belén Louzao**, voceira do Partido Socialista, para, en primeiro lugar, manifestar o seu recoñecemento e apoio á asociación APACAF pola súa labor dentro do noso municipio, compartindo as súas reivindicacións, entre elas a que a lexislación teña en conta a situación especial destas persoas.

Remata dicindo que é importante apoiar a todas as asociacións que traballan en prol da mellora da calidade de vida destas persoas ou daquelas que gozan de condicións especiais, alegrándose de haber chegado a un acordo unánime para elaborar esta moción, xa que importante a unidade neste tipo de reivindicacións para alcanzar que a sociedade avance e se mellore o benestar das persoas.

A **Sra. Mar Blanco** lamenta que, a estar alturas, sexa precisa unha moción deste tipo,



pero, sendo consciente das necesidades que sofren as persoas que padecen de autismo así como as súas familias, é necesario que esta corporación faga todo o posible para mellorar a súa situación e ofrecer toda a axuda e apoio para que melloren a súa calidade de vida, acaden o maior nivel de autonomía persoal, inclusión social e integración laboral. Tamén agradece á asociación APACAF pola súa labor.

O **Sr. Xosé Magariños** súmase ao manifestado polas anteriores voceiras, mostrando o seu apoio a esta causa.

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a moción conxunta elaborada entre os catro grupos políticos con representación municipal.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en data 25/04/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar ás administracións europea, estatal e autonómica galega, a través dos seus respectivos parlamentos, competentes a adoptar as leis que acaden unha accesibilidade firme e eficaz que teña en conta as necesidades cognitivas e sensoriais das persoas con autismo.

Segundo.- O Concello comprométese a traballar xunto ao movemento asociativo do autismo para identificar e eliminar as barreiras específicas ás que se enfrontas as persoas con autismo.

Terceiro.- O Concello insta aos responsables políticos, aos profesionais, aos líderes empresariais e á sociedade en xeral a que consulten e colaboren coas persoas con autismo e coas súas entidades para crear unha sociedade máis accesible e igualitaria en tódolos ámbitos da vida, asegurando o cumprimento da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Expediente 2566/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACIÓN E IGUALDADE EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN Á NECESIDADE DE AUMENTAR OS RECURSOS DO SERVIZO DE AVALIACIÓN DA DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A **Sra. Belén Louzao** procede a dar lectura da moción presentada polo seu grupo municipal, a cal se transcribe a continuación:



"A situación dos servizos de avaliación e orientación (EVO) da Consellería de Benestar Social na provincia de Pontevedra está a provocar unha enorme lista de espera de persoas con discapacidade que permanecen sen poder optar as prestacións pola falla de avaliación.

De feito, a lista de espera para a primeira avaliación na provincia está por riba das dez mil persoas. Segundo os seus propios datos cada mes preséntanse máis de 400 novas solicitudes o que está a provocar entornó os tres anos de atraso para a revisión das solicitudes, polo que o colapso do servizo é considerable.

Xa no 2016 a propia consellería de Política Social recoñecera a situación de bloqueo deste servizo e planificara a creación de dous novos equipos aínda que finalmente o goberno galego decidiu crealos en Ferrol e A Coruña deixando a Pontevedra sen este reforzo.

Esta situación está a afectar moi considerablemente a persoas cunha situación socio económica moi desfavorecida e que cun recoñecemento da súa discapacidade verían reducidos certos impostos e terían posibilidades de atopar un emprego na función pública.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de A Estrada á aprobación dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a dotar á provincia de Pontevedra de dous novos equipos de valoración e orientación da discapacidade.

2.- Instar á Consellería de Política Social a aumentar o número de persoal dos equipos de valoración actuais e suplir as xubilacións e as baixas por enfermidade de xeito urxente.

3.- Dar traslado deste acordo plenario ao Conselleiro de Política Social e ao Presidente da Xunta de Galicia."

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE con cada 22/04/2018 (RE 2018-E-RCIB-3).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, en data 25/04/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a dotar á provincia de Pontevedra de dous novos equipos de valoración e orientación da discapacidade.

Segundo.- Instar á Consellería de Política Social a aumentar o número de persoal dos equipos de valoración actuais e suplir as xubilacións e as baixas por enfermidade de xeito urxente.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo plenario ao Conselleiro de Política Social e ao Presidente da Xunta de Galicia.



Expediente 857/2017. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN SOMETIDO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 18, En contra: 1, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Para explicar este asunto, toma a palabra o **Sr. Alberto Blanco**, en calidade de Concelleiro delegado de Urbanismo. Di que o actual PXOM permite que o desenvolvemento urbanístico do noso concello ofrezca unha mellor calidade de vida dos cidadáns, posibilitando, así mesmo, o plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUD-R06-Avda. de Vigo. Este plan parcial, ademais dos postos de emprego que suporá, favorece a construción de dúascentas vivendas, atraerá uns ingresos ás arcas municipais, aportará aproximadamente 4.500 m² de espazos públicos e zonas verdes así como 2.700 m² de uso dotacional.

Continúa dicindo que a tramitación do expediente deste plan parcial foi larga, xa que trala aprobación inicial pasouse á exposición pública (previos os informes sectoriais); despois da exposición pública, por decisión dos promotores, fíxose unha segunda exposición, presentándose varias alegacións (presentadas polos propietarios dos terreos e outra dunha persoa allea á titularidade dos mesmos), traéndose aquí, previo o ditame da Comisión Informativa, a estimación parcial destas alegacións e, posteriormente, a aprobación definitiva do plan parcial mencionado e notificación do acordo que se acade aos organismos pertinentes e aos propietarios afectados e interesados no expediente.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** dicindo que se trata dun expediente urbanístico que conleva unha serie de trámites e que deixa pouco marxe de intervención aos políticos, polo que o papel da oposición é, simplemente, deixar que avance na súa tramitación, xa que se trata dunha iniciativa privada que conta cos informes sectoriais, técnicos e xurídicos favorables, non obstante, considera que, aínda que aquí se trata dunha iniciativa privada, hai outras moitas que deberían ter iniciativa pública que, incluso, poden influír neste que estamos aquí a tratar, ao abeiro do sinalado polos técnicos, informes nos que se advirte que os accesos serán provisionais mentres que aqueles da zona de iniciativa pública non sexan desenvolvidos, así tamén advirten de que estes teñen un prazo para ser desenvolvidos, o que non se está levando adiante; polo anterior, aínda que os informes son favorables, non se pode esquecer que algún día haberá que tomar a decisión sobre o que vai a pasar no entorno, se se van a levar a cabos esas iniciativas públicas e se o acceso provisional vai a quedar de xeito definitivo; considerando que si é papel do Concello de A Estrada (esperando que se cumpra, para o que teñen poder de decisión os políticos) que eses estatutos da Xunta de Compensación aprobados por Decreto da Alcaldía en xaneiro deste ano se respecten, asegurando, deste xeito, que os titulares dos terreos afectados vexan respectados os seus dereitos.

Polo anterior di que apoian esta proposta, como expediente administrativo, agardando o traballo rigoroso por parte do Concello para que sexan respectados os dereitos dos propietarios dos terreos afectados. Así mesmo, di que agarda que se sexa levado a cabo todo o que se reflexa no expediente con respecto a este plan parcial (creación de vivendas, espazos públicos, etc.), e que tamén sexa en beneficio dos traballadores do noso municipio e desenvolvemento

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



para á Estrada, solicitando que, aínda que esta actuación é por iniciativa privada, se produzan outras por iniciativa públicas que permitan un beneficio para este concello.

Intervén **Dna. Mar Blanco**, lembrando que fai 3 anos (aprox) que o Alcalde empezou a falar do beneficio do desenvolvemento urbanístico de iniciativa privada, no cal se contemplada a construción dun Mercadona e dunha zona residencial, crendo que si realmente Mercadona tivera tanto interese en instalarse neste concello xa o tería feito en calquera baixo existente, sen necesidade dun plan parcial, polo que considera que é necesario que o grupo de goberno deixe de facer demagogia coa creación de emprego coa instalación do Mercadona, intentando vendernos un desenvolvemento urbanístico que vai xerar postos de traballo. Di que o seu grupo político non se opón a esta iniciativa, pero cre que non é propio dun goberno responsable vendela como un proxecto de progreso e creación de emprego, xa que todos os postos de traballo derivados da construción, son temporais que non xustifican esa posible dinamización económica do concello e que anuncia o Sr. Alcalde nos medios de comunicación, non sendo tampouco vendible que a apertura do supermercado vai parella á creación de emprego, xa que a apertura deste supermercado vai á costa do peche doutros xa existentes, polo que todo irá en concordancia, sen esquecer que tamén irá en detrimento do comercial local e da Praza de Abastos, así como dos produtos locais.

Con respecto á situación dos veciños propietarios de terreos afectados por este plan parcial e que se ven obrigados a formar parte da xunta de compensación para non verse inmersos nunha expropiación, considera que esa situación puido evitarse e non se fixo, acarreado unha serie de prexuízos a eses veciños, entre eles cargándoos cuns gastos que non tiñan que asumir, por exemplo eses case cincuenta mil euros pola conexión do sistema xeral de comunicacións.

Por outra banda, lle sorprende que o Ministerio de Fomento contemple como válida unha rotonda de carácter provisional.

Di tamén, que hai dúbidas sobre os accesos dende a rede viaria, xa que o plan parcial non recolle as rasantes de todas as parcelas definitivas, de feito o informe da Técnica municipal advirte que hai diferenzas de cota que deben ser resoltas de xeito que xeren o menor impacto posible e adecuación ao entorno.

En definitiva, entende que esta corporación non se pode opoñer a ningunha iniciativa privada que respecta a normativa establecida, pero ela ten moitas dúbidas sobre esta iniciativa e que conta coa implicación do grupo de goberno e do Ministerio de Fomento, polo que se vai a abster na votación.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños**, para dicir, en primeiro lugar, que aquí se debería estar a debater unha situación urbanística de carácter subsidiaria e que complementara o plantexamento urbanístico público e que debería liderar o grupo de goberno (en calidade de representante da poboación estradense), sen embargo se está a debater unha iniciativa privada e que pode condicionar o desenvolvemento público, temendo que todo desencadee unha serie de actuacións públicas para compensar as previas iniciativas privadas. Polo anterior, considera que isto debía ser unha iniciativa complementaria do xa feito por iniciativa pública, pero non hai nin un metro de iniciativa pública de desenvolvemento neste concello, pero parece que ao actual



gobierno non lle importa e vémonos ante esta situación; a este respecto, lembra as situacións de ruína a que nos levou outras iniciativas privadas no pasado e que agora están a pagar os/as traballadores/as deste país.

Polo manifestado, di que si estiveramos ante un complemento do traballo feito pola administración municipal, non tería nada que dicir a esta iniciativa privada, pero neste caso si ten moito que dicir e, por iso, vai a votar en contra da aprobación deste plan parcial.

Por outro lado, a instalación de Mercadona vai a actuar en detrimento do pequeno comercio local, tanto no sector da alimentación como da droguería; e, se engadimos que esta liña de supermercado non se caracteriza por promocionar o produto galego nin español, entón empeoramos a situación.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que discrepa dos argumentos do voceiro do BNG, porque entende que si este partido gobernara entón votaría en contra dunha iniciativa privada que conta con todos os informes favorables, prohibindo, deste xeito, que un capital privado invertera no noso concello e caendo nunha prevaricación administrativa. Di que tampouco comparte esa acusación de pasividade na iniciativa pública, salvo que descoñeza o PXOM, explicando que hai dous tipos de iniciativas públicas, por un lado os proxectos de iniciativa pública e os proxectos privados de impulso público, dentro destes últimos encádrase este que se vai a desenvolver dentro do plan parcial que se trata neste punto, porque son uns intereses privados e o Concello entende que se obtén un sistema local dotacional de 2.700 m² para facer unha infraestrutura pública, é dicir, que o impulsor do proxecto é o Concello pero os que pagan son os propietarios. Polo tanto, di que a iniciativa urbanística deriva na mesma consecuencia, outra cousa son os compromisos dos sistemas xerais públicos que ten que executar o Concello, pero non hai ningún proxecto de iniciativa pública que vaia vinculada a este plan promovido por iniciativa privada; lembrando, ademais, dúas iniciativas de xestión pública, como é o plan da Baiuca e o dos Xardíns municipais.

Continúa dicindo que se chega o capital privado á Estrada nun proxecto urbanístico no que se van a inverter de forma directa máis de seis millóns de euros (para proxecto de urbanización e construción do Mercadona) e, nun futuro, máis de catorce millóns de euros para a construción dunha zona residencial, e este Concello lle di que non, entón considera que se está a lanzar unha mensaxe moi perigosa ao capital privado é un freo á creación de emprego e crecemento do noso concello; Ademais, tendo en conta que se trata dun expediente inmaculado, que conta con todos os informes preceptivos segundo a legalidade de carácter favorable, sendo a única finalidade deste Pleno e dar carpetazo a un proceso de máis de 4 anos de tramitación administrativa, e se agora lle poñemos impedimentos, entón considera que se está xerando á cidadanía moita inseguridade.

Di o Sr. Alcalde que discrepa coa opinión de que Mercadona veña a ocupar os negocios doutros, xa que cre na lei da oferta e a demanda e, posiblemente, coa instalación deste supermercado se facilite aos veciños unha baixada nos prezos das súas compras.

Tamén di que os Concellos de Teo e Lalín estaban interesados e pelexando para que Mercadona se instalara nos seus límites, e así ter unha marca cun impacto importante no mercado, por abastecer ao consumidor local e por ter unha área de influencia moi grande, atraendo consumidores doutros concellos limítrofes.



Polo manifestado anteriormente, considera que se trata dunha cuestión legal, unha acción privada, unha oportunidade, unha xestión urbanística que permitirá ao noso concello desenvolver unha xestión urbanística ao abeiro do PXOM e que permitirá ver aos grupos da oposición ese novo modelo urbanístico que tanto criticaban e, dirixíndose ao Sr. Xosé Magariños, di que está votando en contra da creación de 4.500 m² de zona verde no entorno da rúa Marín e que van a ser desenvolto e pagados polos promotores desta iniciativa privada e que cederán gratuitamente ao Concello; votando en contra coa creación de máis de 130 prazas de aparcamento neste entorno, en contra da creación de máis de mil metros de novos viais e zonas públicas, en contra da creación de novas vivendas, das cales un 40% terán que ser de protección oficial; en contra de que o Concello reciba gratuitamente 2.700 m² de parcela para ser destinado a calquera uso dotacional docente, asistencial, sanitario, etc; vai a votar en contra do retorno económico que vai a supoñer as taxas e licenzas de ocupación e construción de todas as edificacións van dentro dese ámbito; en definitiva, vai a votar en contra dunha ferramenta urbanística de xestión municipal; polo que considera que é un sen sentido, xa que considera que vai a repercutir moi positivamente no noso concello e que vai a crear un novo modelo urbanístico sustentable.

Continúa dicindo que tampouco esperaba moito da oposición, xa que tampouco estiveron ao lado do grupo de goberno cando foi o do PXOM, un proxecto de futuro e progreso para á Estrada, aclarando que sería ilegal e inmoral non aprobar e dar vía libre a este proxecto, polo que a decisión do seu goberno e rematar con este trámite, aprobar este expediente e permitir que este importante proxecto siga adiante, dentro da legalidade e da seguridade.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para manifestar unha cuestión de orde co gallo de aclarar o que se está a votar, pregunta así se Mercadona ten feita unha solicitude de licenza, porque tanto se está a falar desta empresa que xa non sabe o que se está votar realmente.

Resposta o **Sr. Alcalde** que se estaba a dirixir ao Sr. Magariños.

Continúa a **Sra. Louzao** pedindo que se aclare que non se está a dar licenza a Mercadona, senón que se lle está dando autorización para continuar cun procedemento a Iberian Retail para iniciar o continuar cun desenvolvemento privado.

Pide a palabra o **Sr. Xosé Magariños** para dicir, en plan mofa, que está totalmente convencido de que a iniciativa privada vai a salvar á Estrada.

Contesta o **Sr. Alcalde** que entende cal é o papel do BNG na sociedade actual, non sabendo ver máis alá do seu cercado, sendo uns románticos do século XVIII, pero estamos no XXI, e non está de acordo con que esta iniciativa non arranxará os problemas económicos do noso concello no futuro. Di que, centrándose no asunto que se está a tratar, que aquí se está aprobando un proxecto urbanístico, e a administración pública está a facer o que lle corresponde, é dicir, tramitando dito proxecto e que conta con todos os informes favorables; sen embargo o BNG vota en contra por considerar inimiga unha marca en concreto, loitando cun romanticismo que está fóra de lugar, pero teñen que asumir a realidade actual e non se pode



converter á Estrada nunha Venezuela 2, pero se ese é o modelo que quere o BNG entón deixemos que a xente opine.

Di que non se pode denegar unha licenza cando se cumpren todos os requisitos legais e, en caso de facelo, a empresa irá aos xulgados e ganará con toda seguridade. En definitiva a administración ten que realizar as súas funcións sen que a ideoloxía se interpoña..

(Iníciáanse un debate sobre outras cuestións e que non teñen relación co asunto que se está a tratar, as cales non se resumen quedando rexistradas no audio correspondente).

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase (polos votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, en contra do BNG e a abstención de MÓVETE) o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 20/04/2018, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto que, en data 01/08/2016, previos os informes e trámites preceptivos, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente o Plan Parcial do sector de solo urbanizable delimitado *SUD-R06-Avda. de Vigo*, promovido por Dna. María del Carmen, D. Alejandro e D. Juan José Sobrino Granja, e Sol de Salema, S.L. (actualmente, Iberian Retail Parks, S.L.), de data xullo de 2016, someténdoo a trámite de información pública durante o prazo de 2 meses. Igualmente, ordenou notificar o devandito acordo aos titulares catastrais dos terreos afectados; solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas preceptivas; solicitar dos servizos técnicos e xurídicos municipais os seus informes preceptivos; e, requirir aos promotores a presentación do preceptivo Informe de Antecedentes Históricos (D.O.T.). En concreto, os informes sectoriais foron solicitados aos organismos que de seguido se relacionan:

- Ministerio de Fomento (organismo titular da vía N-640) (RS 4122/2016, do 5 de agosto).
- Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información) (RS 4123/2016, do 5 de agosto).
- Augas de Galicia (RS 4120/2016, do 5 de agosto).
- Consellería de Cultura (Dirección Xeral do Patrimonio Histórico de Pontevedra) (RS 4124/2016, do 5 de agosto).
- Instituto de Estudos do Territorio (RS 4121/2016, do 5 de agosto).
- Servizo de Urbanismo de Pontevedra (RS 4119/2016, do 5 de agosto).
- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (relativo á reserva de vivenda protexida) (RS 4127/2016, do 5 de agosto).
- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental) (RS 4118/2016, do 5 de agosto).

Visto que, en data 11/08/2016, o Rexistro da Propiedade acusou recibo do acordo de aprobación inicial do Plan Parcial.

Visto que, en data 17/08/2016, publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 154 o preceptivo anuncio de información pública. Igualmente, no Faro de Vigo do



18/08/2016.

Visto que, en data 19/08/2016, Red Eléctrica de España solicitou planimetría e memorias da actuación.

Visto que, en data 30/08/2016, recibíuse informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, considerando que as determinacións recollidas no Informe Ambiental Estratéxico foron integradas axeitadamente no Plan Parcial, ao terse xustificado a ordenación proposta como a máis favorable entre as 5 alternativas de ordenación estudadas, combinando criterios de ordenación e cumprimento da normativa vixente (lexislación estatal de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados).

Visto que, en data 15/09/2016, o Servizo Autonómico de Urbanismo devolveu o expediente, salientando a improcedencia do seu informe neste momento procedemental.

Visto que, en data 26/09/2016, recibíuse o informe da Secretaria de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (favorable).

Visto que, en data 26/09/2019 (RE 11930), recibíuse comunicación do IGVS, indicando a inexistencia de regulamentación que esixise o seu pronunciamento sectorial.

Visto que, en data 26/09/2019 (RE 11931), recibíuse informe do Ministerio de Fomento, esixindo a corrección de extremos varios a xustificar mediante *separata*.

Visto que, en data data 30/09/2016 (RE 12101), recibíuse comunicación do Instituto de Estudos do Territorio, remitíndose aos seus pronunciamentos previos.

Visto que, en data 05/10/2016 (RE 12276), Dna. Ana Belén Campos Soto presentou escrito de alegacións ao Plan Parcial inicialmente aprobado.

Visto que, en data 10/10/2016 (RE 12491), Dna. María Gloria Penas Lorenzo presentou escrito de alegacións ao Plan Parcial inicialmente aprobado.

Visto que, en data 11/10/2016 (RE 12514), Dna. Maria Teresa Brea Arca e outros presentaron escrito de alegacións ao Plan Parcial inicialmente aprobado.

Visto que, en data 14/10/2016 (RE 12597), Dna. Josefa Arca Brea e outros presentaron escrito de alegacións ao Plan Parcial inicialmente aprobado.

Visto que, en data 13/12/2016 (RE 14801), recibíuse o informe sectorial de Augas de Galicia (favorable, condicionado).

Visto que, en data 27/12/2016 (RS 6601), remitiuse un novo certificado do acordo aprobatorio do Plan Parcial ao IGVS.

Visto que, en data 23/02/2017 (RE 2840), os promotores presentaron o documento de Bases e Estatutos da Xunta de Compensación.

Visto que, en data 30/03/2017 (RE 4386), os promotores presentaron o solicitado Informe de Antecedentes Históricos e Arqueolóxicos do terreo incluído no sector do Plan Parcial en tramitación, asinado en data 22/03/2017 por D. Víctor Tomás Botella.

Visto que, en data 25/04/2017 (non consta núm. de rexistro municipal de entrada), o Ministerio de Fomento emitiu informe de trámite sobre o Plan Parcial (favorable, sobre unha *separata* complementaria presentada polos promotores, directamente, ante a Unidade de Estradas, xustificativa dos accesos propostos e inclusiva do Estudo de Tráfico). Subliñou, non obstante, que, debido a que a actuación urbanística tramitada pretende a apertura dunha nova conexión a través dunha vía de servizo á estrada N-640, o órgano competente para resolver será a



Subdirección Xeral de Explotación e Xestión de Rede.

Visto que, en data 02/05/2017 (RE 5643), D. Alfonso Martínez Vázquez presentou, extemporaneamente, un escrito de alegacións.

Visto que, en data 25/05/2017, a Arquitecta Municipal (Sra. Neira Mato) emitiu informe técnico, aínda que cinguido á análise de cada unha das alegacións presentadas.

Visto que, en data 05/06/2017, con fundamento no citado informe da arquitecta municipal (Sra. Neira Mato), subsanatorio do inicialmente emitido pola Oficina Técnica Municipal no seu día a este respecto, solicitouse informe sectorial á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia (art. 68 do Real Decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural) así como á Dirección Xeral de Enerxía e Minas (art. 106 do Real Decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural).

Consta resposta expresa (favorable) da Consellería de Economía, Emprego e Industria (RE núm. 11.106/2017, do 14 de setembro). Igualmente, consta comunicación da Subdelegación do Goberno, recibida en data 05/10/2017 (RE núm. 11.939), sen obxección, logo de ter consultado aos diferentes organismos provinciais afectados.

Visto que, en data 07/07/2017, os promotores achegaron (para a súa incorporación ao Plan Parcial) a seguinte documentación (manifestando tela presentado en data 31/03/2017 ante o Ministerio de Fomento -Unidade de Estradas en Pontevedra-):

- Informe complementario do sector SUD R06 (de data 06/04/2017, teoricamente redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Braulio López Gómez- Ingenia, S.L. -, na calidade de resposta subsanatoria das deficiencias detectadas polo Ministerio de Fomento no seu pronunciamento de data 21/09/2016) . Carece de sinatura e visado colexial.
- Planos de situación, de planta acoutada e de deslinde.

Visto que, en data 28/07/2017 (RE núm. 9.901), os promotores presentaron Documento Refundido do Plan Parcial (de data xullo de 2017), para a súa aprobación definitiva.

Visto que, en data 11/08/2017, recibíuse o informe sectorial do Ministerio de Fomento - Unidade de Estradas en A Coruña, referido ao Plan Parcial de data abril de 2017, informándoo desfavorablemente debido a que:

- pretende un acceso distinto á estrada N-640 en contraste co proposto no PXOM (glorieta na N-640 e a través do vairo municipal).
- non ter presentado un estudo de tráfico axustado ao sistema de accesos.
- etc. .

Visto que, en data 10/10/2017, o arquitecto técnico municipal (Sr. Órrea Corral) emitiu informe técnico relativo á suficiencia dos servizos municipais.

Visto que, en data 25/10/2017, os promotores xuntaron planos modificados

Concello da Estrada



números 003 e 020.

Visto que, en data 13/11/2017, os promotores presentaron Informe complementario do sector SUD R06 (de data 20/09/2017, teoricamente redactado polos enxeñeiros de camiños, canles e portos, D. Braulio López Gómez e D. José Gabriel Carrajo López - Ingenia, S.L. -, na calidade de resposta subsanatoria das deficiencias detectadas polo Ministerio de Fomento no seu pronunciamento de data 10/07/2017) . Carece de sinatura e visado colexial.

Visto que, en data 21/11/2017, recibíuse comunicación do Ministerio de Fomento - Unidade de Estradas en A Coruña, referido ao Plan Parcial de data setembro de 2017, neste caso de carácter favorable, no referido á súa afección á rede de estradas estatais (pero non así no relativo ao seu obxecto, para cuxa tramitación/autorización deberá de achegarse o correspondente proxecto construtivo que, entre outros extremos, contemplará un sistema de contención que separe fisicamente os tráfico da vía de servizo e da estrada N-640).

Visto que, en data 14/12/2017, logo das modificacións pertinentes froito da análise das alegacións inicialmente presentadas, dos informes da Oficina Técnica Municipal e do condicionado dos informes sectoriais preceptivos, os promotores presentaron un Documento Refundido do devandito Plan Parcial para a súa aprobación definitiva (de data decembro de 2017 -sen visar-, asinado polo arquitecto, D. Ramón Corrochano Royo, SITAG Arquitectura). O amentado Documento Refundido do Plan Parcial así como o expediente administrativo do que trae causa sometéronse a novo trámite de información pública durante o prazo de 2 meses, computado a partir da data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia núm. 246/2017, do 29 de decembro, e sen prexuízo da súa publicación nun dos xornais de maior difusión na provincia (La Voz de Galicia, do 30/12/2017), así como da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios, e na páxina web municipal.

Visto que, en data 16/01/2018, elevouse por parte do Alcalde unha consulta ao Ministerio de Fomento (Estradas) para que, de ser o caso, e á vista da planimetría do PXOM e do Informe complementario do sector SUD R06 (de data 20/09/2017), confirmase expresamente que o Documento Refundido do Plan Parcial presentado para a súa aprobación definitiva (de data decembro de 2017) se axusta ao seu pronunciamento sectorial favorable recibido en data 21/11/2017 (referido ao Plan Parcial de data setembro de 2017 - previsión de glorieta coa vía de servizo urbanísticamente desvencellada/s do SX-INF-01, provisional, non interferinte no desenvolvemento dos sectores aos que está adscrita no PXOM, non substitutiva, e, radicada en dominio público -dentro dos límites de expropiación do nomeado Ministerio-).

Visto que, en data 18/01/2018, a arquitecta municipal (Sra. Neira Mato) emitiu informe técnico referido ao proxecto dos Estatutos e das Bases de Actuación.

Visto que, en data 25/01/2018, o T.A.X. - Servizo Xurídico de Urbanismo emitiu informe xurídico relativo ao proxecto dos Estatutos e das Bases de Actuación.

Visto que, en data 29/01/2018, o Alcalde ditou a súa Resolución núm. 108/2018, en virtude da que aprobou inicialmente o proxecto dos Estatutos e das Bases de Actuación, ordenando a súa suxeición a trámite de información pública (B.O.P., prensa, taboleiro e *website* municipal e notificación aos afectados. Publicouse no B.O.P. núm. 28/2018, do 8 de febreiro, e na Voz de Galicia do



09/02/2018.

Visto que, en data 05/02/2018, recibíuse a contestación do Ministerio de Fomento (Estradas) á consulta formulada polo Alcalde, sinalando que, o prantexamento reflectido no Documento Refundido do Plan Parcial non difire, no que aos accesos dende a estrada nacional N-640 se refire, do que foi favorablemente informado polo dito Ministerio; razón, pola que o entende vixente nos termos emitidos no seu día. Clarexa, non obstante que, o nomeado informe non significa que se autorice a actuación que constitúe o seu obxecto, para o que se deberá observar o trámite pertinente.

A significada contestación di xuntar un plano explicativo da expropiación no tramo da N-640 afectado pola actuación urbanística, subliñando que a delimitación dos terreos expropiados da estrada nacional non debe ser limitativa nin condicionar o deseño da actuación que se proxecte.

Visto que, en data 15/02/2018, D. Manuel Rascado Torrado solicitou a súa incorporación á Xunta de Compensación.

Visto que, en data 21/02/2018, D. Pascual García Álvarez solicitou a súa incorporación á Xunta de Compensación.

Visto que, en data 26/02/2018, D. José Luis Rodríguez Esteban solicitou a revogación/anulación do acordo municipal de aprobación inicial do Plan Parcial, con fundamento nas seguintes alegacións (síntese):

- que, o Plan Parcial se deseña unicamente para incluír un centro comercial fronte á Avda. de Pontevedra.
- que, omite a diferenza de cota existente entre a Avda. de Pontevedra e a Avda. de Vigo.
- que, impide o uso predominante (residencial).
- que, o novo trámite de información pública obedece á introdución de modificacións substanciais, feito, que supón un novo documento aprobado inicialmente, polo que debe de aplicarse o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.
- que, o Plan Parcial presenta insuficiencia documental (plan de etapas, planimetría de ordenación e información a escala mínima 1/1000, avaliación dos movementos de terras, sinalización, xardinería e mobiliario urbano).
- que, carece de memoria ou informe de sostibilidade económica que considere a inflación, tipos de interese, etc. .
- que, a carga adscrita (IB-A01) debería de ter sido valorada con carácter previo ou simultáneo ao planeamento especial de infraestruturas.
- que, o Plan Parcial incumpre os criterios de ordenación que o PXOM fixou na ficha SUD- R06 (on prantexa a edificación en altura na fronte da Avda. de Pontevedra situada de maneira perpendicular á rúa, xa que establece unha aliñación lonxitudinal á rúa que permite que a edificación sexa paralela á propia Avda. de Pontevedra).
- que, a ordenación prevista superaría a edificabilidade máxima establecida polo PXOM, e a edificabilidade e ocupación fixadas polo planeamento parcial.

- que, o Plan Parcial non incorpora a determinación primeira do Informe de Avaliación Ambiental (transición entre edificacións).
- que, contempla cargas non previstas para o sector, que os propietarios non teñen por qué asumir (47.896,54 €, relativa a unha conexión co sistema xeral de comunicacións).
- que, a rotonda e o carril de acceso non teñen a consideración de obra provisional.
- que, a aparente autorización do Ministerio de Fomento non é tal.
- que, en materia de infraestruturas, non se contempla a execución dos tres centros de transformación esixidos por Unión Fenosa, e tampouco constan os informes técnicos municipais referidos ao reforzo das redes, entre outros extremos.
- que, en relación coas directrices de ordenación do territorio e os equipamentos, estes non se localizan nos lugares apropiados nin se cumpren as normas de accesibilidade e prohibición de discriminación.
- que, os viais definitivamente deseñados incumpren, asemade, as condicións de execución de calzadas e rúas do capítulo X do PXOM.
- que, a previsión da glorieta e do carril de servizo incumpre o Regulamento estatal de Estradas, toda vez que as obras provisionais non son posibles nas zonas de dominio público nin de servidume. Así mesmo, non teñen carácter provisional nin son facilmente desmontables porque o propio Ministerio sinala que precisarían da presentación dun proxecto técnico. Incumpre tamén a normativa reguladora dos cruces de peóns, arcéns, diámetros da calzada, etc., sen prexuízo de que a súa materialización asociaría a desaparición dunha superficie existente destinada ao estacionamento de góndolas e cabezas tratoras de vehículos, a eliminación de accesos a parcelas existentes, a destrución de parte das beirarrúas actuais, etc..

Visto que, en data 28/02/2018, D. José A. Guerra Bahamonde presentou alegación, interesando o mantemento de determinada servidume de paso no Plan Parcial (soares núms. 34 e 36 da rúa/ Marín .

Visto que, en data 01/03/2018, a Comunidade de Propietarios do edificio Breogán alegou que está a discernir a titularidade dominical do edificio co IGVS.

Visto que, en data 01/03/2018, Dna. María Terzado García e Dna. María José Pazo Maside solicitaron formar parte da Xunta de Compensación.

Visto que, en data 06/03/2018, D. Eugenio Magán Rivas solicitou formar parte da Xunta de Compensación.

Visto que, en data 06/03/2018, Dna. María Gloria Penas Lorenzo solicitou formar parte da Xunta de Compensación.

Visto que, en data 16/03/2018, a arquitecta municipal (Sra. Neira Mato) emitiu informe técnico global e, especialmente, sobre o Documento Refundido do Plan Parcial. Entre outros extremos, salientou que:

a) o marco legal de aplicación nuclear ao nomeado documento está constituído pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro (LSG), polo PXOM e polo Regulamento de Planeamento Urbanístico estatal de 1978, habida conta de que o



RLSG entrou en vigor con posterioridade á aprobación inicial do Documento Refundido do Plan Parcial.

b) a documentación contida no Documento Refundido do Plan Parcial está completa.

c) existen unhas pequenas variacións na delimitación do Documento Refundido do Plan Parcial en contraste co PXOM, con fundamento no art. 65.2 LSG (no último edificio existente na Avda. de Vigo, e tamén no eixo da Avda. de Vigo).

d) determinacións: o Documento Refundido do Plan Parcial cumpre os mínimos esixidos (espazos libres, equipamentos, prazas de aparcadoiro, vivenda protexida, rede de comunicacións,...).

e) existe unha discrepancia entre o ancho previsto no PXOM para o dito viario e o grafado no PP, non coincidindo o límite do ámbito e o eixo da rúa grafados no plano O08 do PP, debendo en todo caso respectarse a delimitación do planeamento xeral e subsanarse o erro na planimetría.

Con respecto aos accesos ás parcelas resultantes dende a rede viaria (plano O20_viability de accesos e viario de servizo), o PP remite o seu deseño aos proxectos de urbanización e de edificación correspondentes. Non figuran no documento as rasantes de todas as parcelas definitivas (unha vez feita a urbanización do ámbito) e a diferenza de cota existente (viario/parcela) nos puntos de acceso dende o novo viario. A este respecto, unicamente se indican no plano O03 as cotas exteriores para a parcela ET-1 (realidade física existente), cotas interiores e de límite co novo viario proposto.

Segundo as cotas indicadas no plano de ordenación O03 (de carácter orientativo), existe unha diferenza de cota entre a rasante interior da zona sur da parcela comercial (306,80) e o acceso dende o novo viario do ámbito situado unha cota superior de case 3 metros (309,50). Tamén se constata diferenza de cota entre o acceso pola Avda. de Pontevedra e a parcela de uso terciario (aproximadamente 4,25 m). Estas terán que ser resoltas, tanto neses puntos da parcela de uso terciario, como con respecto a outras parcelas colindantes (nas que tamén se constatan diferenzas de nivel), xerando o menor impacto posible e adecuación ao contorno, que deberán quedar garantidos (con mecanismos como o abancalamiento do terreo con muros de contención e/ou combinación con taúdes naturais, así como coa ordenación de volumes da edificación mediante o correspondente estudo de detalle). Remítome, non obstante, ao indicado no apartado 2 da alegación IV do informe de alegacións de data 25.05.2017, sobre os planos de seccións do ámbito que permitirían verificar dende o planeamento parcial o menor impacto e adaptación ao ambiente da actuación (parcelas resultantes unha vez feita a urbanización) e incluso, sería recomendable, de cara a facilitar a futura medición de alturas/número de plantas da edificación nos posibles casos nos que esté determinado o criterio de medición dende a rasante natural do terreo en contacto coa edificación.

A estes efectos, segundo o disposto no art. 107 da normativa do PXOM, sobre Integración ambiental e relación co contorno, *"as obras de nova edificación deberán proxectarse tomando en consideración a topografía do terreo, a vexetación existente, a posición da nova edificación respecto a cornixas, fitos ou outros elementos visuais do contorno, o impacto visual da construción proxectada sobre o medio que a rodea e o perfil da zona, a súa incidencia en termos de*

asolamento e ventilación das construcións das fincas colindantes, a súa relación coa vía pública, a adecuación da solución formal á tipoloxía e materiais da área, e demais parámetros definidores da súa integración no medio urbano". Cabe precisar que, os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven (debendo quedar garantido o acceso ás parcelas, en especial, dende o punto de vista municipal, ás de equipamento e zonas verdes públicas), sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras (art. 96.2 da LSG).

f) segundo o establecido no art. 177 do planeamento municipal, así como nos art. 68 da LSG e 45 do RP, o trazado e características da rede de comunicacións do sector e do seu enlace cos sistemas xerais exteriores existentes (enlace coas estradas e vías actuais) é unha determinación obrigatoria dos Plans Parciais (art. 68.d e g da LSG). A este respecto, o PP prevé un dos seus accesos ao ámbito (polas parcelas ET-1 e LI-1) dende a Avda. de Pontevedra (N-640) á que da fronte, mediante a execución dunha rotonda e viario de servizo na dita vía, solución que non fora esixida polo planeamento xeral mediante a correspondente abscrición (nin unha carga prevista para os propietarios do ámbito), senón que se plantexa o sector de xeito autónomo, con accesos dende outros viarios municipais existentes (Avda. de Marín e Avda. de Vigo), ademais da Avda. de Pontevedra (non prevendo terreos afectos a sistemas xerais adscritos).

No plano de ordenación O20 do Documento Refundido do PP, reflíctese o esquema de rotonda e viario de servizo de acceso á parcela de uso terciario e á de infraestruturas LI-1 dende a N-640 (Avda. de Pontevedra). Indícase ao respecto que *o dito esquema non ampara a execución de obras nas zonas de protección da carretera, chegado o momento oportuno deberá redactarse o Proxecto de Obras que o defina de xeito exacto e tramitarse as autorizacións necesarias que correspondan*. Indícase tamén que *en todo caso, esta rotonda non interfere no futuro desenvolvemento do Sistema Xeral SX-INF-01 do PXOM, nin dos sectores aos que se encontra abscrita, contando neste senso con carácter de provisionalidade*.

En relación a este aspecto, en data 12/07/2017 o Ministerio de Fomento (Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia) emitiu informe desfavorable, no que á afección á Rede de Carreteras do Estado se refire, ao Plan Parcial de ordenación do sector de solo urbanizable SUD-R06, de data abril 2017, na que se contemplaba un viario de servizo paralelo á N-640 e unha superficie adicada a rotonda pendente de proxecto (consta no expediente documentación técnica denominada Informe Complementario emitido por Ingenia_Gestión Integral de Obras, Proyectos e Servicios, S.L. en data 06.04.2017, con rexistro de entrada neste Concello 2017-E-RC-9154 do 07/07/2017, á que se fixo referencia no apartado de Antecedentes deste informe). Entre outros aspectos, o dito organismo sectorial resolve con carácter desfavorable por pretender un acceso distinto á carretera N-640, distinto do proposto no Plan Xeral de Ordenación de A Estrada de xullo de 2013 (glorieta en N-640 e a través do viario municipal).

Procede indicar a título orientativo que, segundo consta no Informe de Participación Pública contido no PXOM, en data 09/07/2012 o Ministerio de Fomento emitiu informe favorable ao dito planeamento xeral, no referente á afección á Rede de Carreteras do Estado, con unha serie de condicionantes (o apartado 2.4 fai referencia ás autorizacións precisas para novas conexións á rede existente).



En data 02/11/2017 (2017-E-RC-13139) o Ministerio de Fomento emite informe favorable en relación ao documento de Plan Parcial de ordenación do SUD-R06 (sep. 2017), no que se fai alusión a modificación de notas de servizo anteriores que a técnico que subscribe descoñece. O dito informe fai referencia ao documento de PP de data sep. 2017, sendo a única documentación redactada nesa data e obrante no expediente o Informe complementario: Subsanción Plan Parcial do Sector de solo urbanizable delimitado SUD_R06 (2017-E-RE-1013), no que se aporta planimetría de conexión co sector coa N-640, que puidera presumirse que foi obxecto de valoración por parte do organismo sectorial, por canto na súa memoria (antecedentes) se fai referencia ás autorizacións sectoriais previas á licenza municipal, extremo non corroborado, se ben esta mesma documentación foi remitida posteriormente ao Ministerio de Fomento con motivo da consulta municipal realizada pola Alcaldía deste Concello en data 16/01/2018.

Na dita documentación (apartado 5. Xustificación da solución adoptada) indícase que o PXOM contempla a construción dunha glorieta na N-640 que servirá de nudo de conexión e reordenación urbana das vías secundarias do municipio. Indícase ao respecto que *"la solución adoptada corresponde al desarrollo parcial del Plan General, mediante la construcción del citado nudo de conexión, desde el cual, sale una vía de servicio unidireccional, paralela a la N-640, que da acceso al sector a desarrollar y actúa como elemento de reordenación del tráfico en la zona, que en la actualidad, se incorpora directamente a la carretera nacional. Esta actuación contemplada, además de servir de elemento regulador de los accesos, mejora sustancialmente la seguridad vial en el entorno"*. Sen prexuízo de que a solución definitiva debe formar parte do documento de PP (con indicación de todos os titulares catastrais afectados), presentase dentro do citado Informe de Subsanción un anexo de planos que reflicten a solución adoptada contemplando unha rotonda na N-640 e un viario de servizo dende a mesma ata o ámbito do SUD-R06 (plano de situación, planta xeral, glorieta, liñas de afección e límite de expropiación, este último sen escala).

O citado informe sectorial de data 02/11/2017 menciona expresamente que *non implica autorización da Dirección Xeral de Carreteras do Ministerio de Fomento á actuación que constitúe o seu obxecto, para cuia eventual tramitación deberá seguirse o procedemento establecido regulamentariamente, aportando Proxecto construtivo detallado (...) e con suficiente nivel de detalle e concreción (física, xeométrica, de afección a servizos públicos, etc), que permita sometelo ao trámite de información pública (...), con independencia da documentación e tramitación ambiental (...)*. Cabe mencionar ao respecto, que no oficio de remisión do citado informe de Fomento que tivo entrada neste Concello, indícase expresamente que se informa favorablemente o PP, sempre que se observen as consideracións que se expresan no citado informe.

Á vista da planimetría do PXOM (plano S0.11. Estructura do territorio a escala 1/10000 e planos de clasificación do solo S1.31 a escala 1/5000 e S2.09 a escala 1/2000), está prevista unha glorieta na N-640, aproximadamente na ubicación que se contempla no Informe complementario: Subsanción Plan Parcial do Sector de solo urbanizable delimitado SUD_R06, salvo erro ou omisión involuntaria. A glorieta prevista no PXOM forma parte dun sistema xeral de



infraestructuras SX-INF-01 (Ronda Verde).

A obtención dos terreos destinados a sistemas xerais en solo urbanizable, de ser o caso, será por algún dos mecanismos establecidos no art. 129 da LSG (*por cesión obrigatoria derivada da súa inclusión ou adscrición nunha área de reparto e no correspondente polígono, por ocupación directa, por permuta forzosa, mediante expropiación forzosa e por convenio entre a Administración e o propietario*), segundo corresponda.

Segundo o indicado no tomo VI. Estratexia de Actuación e Estudio Económico do PXOM (páx. 9), os terreos afectos ao sistema xeral viario SX-INF-1 (41.408,00 m²) serán obtidos por cesión (inclusión)/expropiación, abarcando terreos de distintas clasificacións/cualificacións urbanísticas:

TIPO: Sistema viario

CÓDIGO: SX-INF-01

DENOMINACIÓN: Ronda Verde

SUPERFICIE (m²): 41.408,00

ADSCRICIÓN/XESTIÓN: Inclusión

OBTENCIÓN DO SOLO: Expropiación

CLASIFICACIÓN: Solo urbano consolidado

Solo urbano non consolidado

Solo urbanizable delimitado

Solo rústico de protección forestal

Concretamente os terreos do INF-01 afectos á glorieta da N-640, non están adscritos como sistema xeral ao SUD-R06, obxecto deste informe, tal e como se pode comprobar na ficha do ámbito e na planimetría do PXOM, senón que están incluídos nos ámbitos de solo urbanizable SUD-T08, SUD-R07 e SUD-I14.

Na páx. 11 da Estratexia de Actuación indícase o seguinte en relación ao SX-INF-01:

“O desenrolo da execución do Sistema xeral de infraestrutura viaria denominada como SX-INF01 virá vinculado á obtención de terreos dos plans parciais aos que se atopa asignado.

O vial será urbanizado en parte polos planeamentos de desenrolo secundarios nos que está incluído tanto en canto a cesión gratuita de solo coma na parte proporcional de urbanización que ten asignada na equidistribución de cargas dos sistemas xerais.

Ademais se planifica a expropiación por parte do Concello dos tramos comprendidos entre a Rúa da Cultura ate a N 640 e do outro tramo seguinte, entre a N 640 e a Av Doctor Manuel de la Calle no primeiro cuadrienio.

A execución da urbanización de este vial será completada polas diferentes administracións públicas nas porcentaxes que se establecen posteriormente no cadro de repercusións de custos dos sistemas xerais.”

Non obstante, a continuación, na páx. 13 da Estratexia de Actuación do plan xeral, indícase expresamente que dada a dificultade do desenrolo dos sistemas de planeamento secundarios que coincidan temporalmente na planificación por cuadrienios e debido á importancia do desenrolo continuo deste sistema viario (en referencia ao SX-INF-01) efectuarase un plan especial de infraestructuras que deberá coordinar os aspectos técnicos e construtivos, así coma un plan financeiro que coordine a financiación e distribución de cargas de cada entidade implicada.

Polo tanto, o planeamento xeral contempla a inclusión dos terreos que ocuparía a rotonda que forma parte do SX-INF-01 en tres ámbitos de solo urbanizable delimitado (o resto dos terreos do INF-1 están previstos en parte por cesión en solo urbanizable e urbano non consolidado, e o resto por expropiación por parte do Concello) e remite a ordenación detallada do sistema xeral viario INF-01 a un planeamento especial para garantir o desenrolo continuo. Con carácter xeral, a programación da totalidade do SX-INF-01 está distribuída en tres cuatrienios (do I ao III), segundo a Estratexia de Actuación do planeamento xeral (véxase páx. 17 e 65 do citado documento).

En efecto, segundo o art. 73 da LSG, os plans especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións, entre outros, sendo as súas determinacións mínimas esixidas as relacionadas no apartado 2 do citado artigo (a delimitación dos espazos reservados, as medidas para a integración no territorio e as de protección para garantir a súa funcionalidade e accesibilidade universal).

Segundo o indicado no art. 68.h da LSG, sería unha determinación do plan parcial establecer a ordenación detallada dos sistemas xerais incluídos ou adscritos ao ámbito polo plan xeral (non sendo esta a previsión para o SUD-R06), agás que o municipio opte pola súa ordenación mediante plan especial. Para o caso que nos ocupa, a técnico que subscribe non ten constancia de que fora iniciado o desenvolvemento parcial dos ámbitos afectados pola rotonda do SX-INF-01 (SUD-T08, SUD-R07 e SUD-I14), nin que se teña iniciada a tramitación dun planeamento especial que puidera establecer a ordenación detallada do sistema xeral no seu conxunto.

(Procede indicar ao respecto dos desenvolvementos parciais dos ámbitos SUD-T08, SUD-R07 e SUD-I14 que, segundo o indicado nas correspondentes fichas do PXOM, estaban previstos para o primeiro cuatrienio polo sistema de compensación. Segundo o indicado no art. 10 da normativa do PXOM, cada plan parcial debe iniciarse no período que corresponda; caso contrario, estarase ao disposto no citado artigo e na lexislación vixente en canto á intervención do Concello en relación ao transcurso dos prazos predeterminados e cambio de sistema de actuación, o que se informa aos efectos oportunos. O art.11 refírese á xestión do planeamento, sen prexuízo do disposto na lexislación vixente).

Solución contemplada no documento refundido de Plan Parcial_DEC 2018:

Indícase na memoria xustificativa do PP (páx. 44/114), ao respecto da conexión co Sistema Xeral de Comunicacións N-640, entre outros aspectos, o seguinte:

1. *Que o Plan Parcial debe resolver a conexión do sector coa carretera nacional N-640.*

2. *Que, durante a tramitación do Plan Parcial, a conexión co dito sistema xeral foi obxecto de varios informes do Ministerio de Fomento, sendo a solución que se plantexa no Plano O20 a única autorizada polo dito organismo e sendo a única viable para a conexión do sector coa N-640.*

3. *Que a solución proposta componse dunha rotonda e dunha vía de servizo, plantexada a nivel de esquema e que posteriormente será obxecto do correspondente Proxecto de Obras.*

4. *Que a rotonda, se acomoda na súa ubicación coa que se plantexa no PXOM*



no cruce coa Ronda Verde (SX- INF-01) coa N-640, non tendo o carácter substitutivo dunha por outra, estando grafada a solución no plano O20 do PP, sen que supoña a futuro interferencia coa contemplada polo PXOM no SX-INF-01, nin interfira no desenvolvemento dos sectores aos que está adscrita, entendendo a solución proposta como desvinculada do dito SX.

5. Que a rotonda proposta está dotada de carácter de provisionalidade (art. 89 da LSG) en relación coa execución do SX-INF-01, que no momento que éste se execute o Ministerio de fomento poderá determinar diferentes condicións técnicas e de dimensionamento da dita rotonda que poidan implicar o desmantelamento total ou parcial do executado nese momento. Indícase ao respecto na memoria do documento refundido de Plan Parcial (páx. 44 e seguintes) que a solución de enlace co sistema xeral contemplada e plantexada no plano O20 é a única autorizada polo Ministerio de Fomento, e polo tanto a única viable para conectar o sector co dito sistema xeral.

En data 16/01/2018 foi formulada consulta aclaratoria ao Ministerio de Fomento (Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia) por parte da Alcaldía deste Concello, facendo alusión a dous aspectos concretos que se transcriben a continuación:

a) É concordante coas determinacións do informe favorable do Ministerio de Fomento ao Plan Parcial, no tocante á desvinculación da rotonda coa establecida no PXOM para o enlace do SX-INF-01, e polo tanto ten carácter de provisionalidade.

b) A solución contemplada está ubicada en dominio público, dentro dos límites de expropiación do Ministerio de Fomento.

En data 05/02/2018 foi emitida resposta polo organismo sectorial, pola que se ratifica no informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Carreteras do Ministerio de Fomento á vista do documento refundido do Plan Parcial remitido. Tamén fai referencia a que *o dito informe se referiu unicamente a aspectos propios da tramitación urbanística, polo que non implica autorización da Dirección Xeral de Carreteras do Ministerio de Fomento á actuación que constitúe o seu obxecto, para cuxa tramitación deberá seguirse o procedemento establecido regulamentariamente.* Faise alusión a un plano de terreos expropiados (non adxunto á consulta), *indicando ao respecto que a delimitación de terreos expropiados da carretera nacional non debe sen limitativa, nin debe condicionar o deseño da actuación que se proxecte.*

Na memoria do PP non está prevista, salvo erro ou omisión involuntaria, obtención algunha de terreos para a execución do enlace coa N-640, senón que unicamente a efectos económicos (no apartado 4.3.1_Avaliación económica da urbanización) se prevé unha partida denominada Conexión con sistema xeral de comunicacións, dentro da Rede viaria e conexións. Non consta pronunciamento (en resposta á consulta realizada) por parte do organismo sectorial, titular do dominio público, sobre se a solución proposta no PP ten encaixe dentro dos límites expropiados ou, pola contra, afecta a terreos doutros titulares (*). No caso de afectar a terreos adxacentes á N-640, trataríase de solo clasificado como urbanizable/solo urbanizable_terreos afectos a sistemas xerais segundo a planimetría do PXOM, polo que tería que iniciarse o procedemento de xestión correspondente, remitíndome nese caso ao indicado en parágrafos anteriores deste informe en relación ao disposto no art. 129 da LSG.



() Non consta acreditación mediante a superposición da planimetría que detalla a execución da rotonda e viario de acceso propostos coa planimetría de terreos expropiados verificada polo organismo titular da vía e planimetría do PXOM. No plano de planta xeral (anexo 1_2-5 do Informe de Subsanación) non se grafa a liña límite do dominio público na zona da rotonda. A solución proposta terá que, en todo caso, dar cabida e contemplar os itinerarios peonís adaptados ao abeiro da normativa vixente en materia de accesibilidade, motivo éste de alegación en segunda fase de exposición pública.*

Consta no expediente alegación presentada en data 26/02/2018, na que se fai referencia á solución proposta de conexión coa N-640, na que se fan unha serie de consideracións (cargas derivadas, provisionalidade, autorización de Fomento, etc), incluso con referencias á normativa sectorial en materia de carreteras, sendo recomendable, en aras de resolver as dúbidas plantexadas, que sexan postas en coñecemento do organismo titular do viario (Ministerio de Fomento) aos efectos das oportunas consideracións no ámbito do seu coñecemento específico sobre a materia e da súa competencia sectorial.

g) rede de abastecemento de auga: o sector ten como cargas adscritas por sistemas xerais as establecidas na correspondente ficha do ámbito incluída na normativa do P.X.O.M. (9,719% do IB-A01=164.392,27 €), contemplada no apartado 4.3.3 da memoria do PP (adscrición de cargas de sistemas xerais). A este respecto, motivo de alegación presentada en segunda fase de exposición pública, hai que ter en conta o indicado nos art. 95 e seguintes da normativa do PXOM, concretamente no relativo á súa definición e execución (*A execución dos sistemas xerais ou dalgúns dos seus elementos levarase a cabo, ben directamente, se estivesen suficientemente definidos ou ben mediante a aprobación dos correspondentes plans especiais. Cando sexa necesaria unha actuación expropiatoria para a execución dos sistemas xerais, esixirase a aprobación previa dun Plan Especial cando a súa delimitación e ordenación detallada non estivese contida no plan xeral_ art. 96*). Segundo o indicado no Anexo III. Infraestruturas e servizos da memoria do PXOM (apartado 1.2. Rede Xeral de Distribución), a implantación da condución xeral de distribución IB-A01 proxéctase *pola rúa de nova creación SX-INF-01 "Ronda Verde", Avda. de Benito Vigo e enlazándoa coa rúa de nova creación SX- INF-02 "Circunvalación nordeste", realizando deste xeito un anel perimetral dotando tanto a rede ramificada interior como as zonas urbanizables futuras dunha maior seguridade de caudal e presión de auga*, o que se pode verificar no plano III-02 da serie II do PXOM. Polo tanto, cabe entender que o seu desenvolvemento é simultáneo, cando menos, co SX-INF-01, sistema xeral do que se fixeron referencias ao longo deste informe, xa que na estratexia de actuación do PXOM non se establece un prazo específico de xeito illado para o desenvolvemento do IB-A01, salvo erro ou omisión involuntaria. Todo isto, sen prexuízo da actualización do valor estimado polo PXOM do ano 2013, en función do transcurso do tempo e posible incremento de prezos do mercado.

h) rede de gas: A rede de gas prevista figura descrita na memoria do PP e reflectida no plano de ordenación O15. Consta no expediente informe de data 04/09/2017 (RE neste Concello 2017-E-RC-11106), emitido pola compañía subministradora Gas Galicia, a petición da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se indica que o sector SUD-R06 non afecta



ás instalacións da dita compañía na zona que se lles indica. Non obstante, o Plan Parcial parcial prevé unha nova rede de gas no ámbito e a conexión á rede existente (véxase plano O15), debendo en todo caso contar co visto bo da compañía subministradora que preste o servizo nesa zona (todo isto, sen prexuízo doutros expedientes que se están a tramitar neste Concello en relación á rede de gas que abastece o solo urbano e que foron obxecto de informe polos técnicos municipais). En todo caso, as condicións das redes de servizos contempladas no futuro proxecto de urbanización respectarán as condicións indicadas no Cap. X da normativa do PXOM, así como a normativa vixente na materia.

i) Integración da nova ordenación cos elementos valiosos da paisaxe e da vexetación (art. 107 da normativa do PXOM e 68.f LSG). Normas de calidade ambiental e paisaxística (art. 43 LSG):

Consta no expediente, a este respecto, o informe favorable do Instituto de Estudos do Territorio de data 22/07/2016, sobre anexo incorporado ao PP, concluíndo que se dá cumprimento ás determinacións en materia de paisaxe. Como xa se indicou, tamén consta informe de data 25/08/2016 da C.M.A.O.T no que se entenden incorporadas ao PP as determinacións do informe ambiental (a primeira delas, relativa á ordenación proposta).

k) ao preverse unha nova urbanización, salvo mellor criterio, darase conta ao Dto. Municipal competente (Oficina do Rural) aos efectos de valorar o disposto no art. 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no que respecta ás obrigas das persoas responsables sobre a xestión da franxa forestal (existencia de terreos rústicos de protección forestal próximos ao ámbito de actuación). Consta a este respecto consulta ao Servizo de Montes de Pontevedra no trámite de avaliación ambiental do presente Plan Parcial.

l) en canto ás normas de urbanización, o PP remite ao contido na normativa do PXOM a este respecto.

Salvo erro ou omisión involuntaria, as ordenanzas do PP respectan, con carácter xeral, as determinacións propias do planeamento xeral, contidas nas condicións xerais da súa normativa, se ben en canto ás normas particulares que establece o plan parcial (ordenación detallada), procede facer as seguintes puntualizacións:

() Con respecto ás rasantes das parcelas, así como á ordenación de volumes, remítome (sic) ao indicado noutros apartados deste informe e no informe emitido sobre as alegacións en data 25/05/2017.*

*(**) Con carácter xeral, para as plantas da edificación (sotos e semisotos) nas que, segundo a ordenanza se permite unha ocupación da totalidade da parcela (ata o 100%), non resulta posible en ningún caso acadar este límite, ao terse que cumprir, cando menos, cos recuamentos establecidos a outras parcelas/lindeiros na propia normativa do plan parcial. Asemade, as superficies construídas no subsolo computarán edificabilidade nos termos indicados no instrumento de planeamento de maior rango (PXOM) ou lexislación vixente (art. 41.4 da LSG), salvo mellor criterio. Consta alegación ao respecto destas cuestións en segunda fase de exposición pública.*

*(***) Concretamente, en relación á ordenanza D, se ben a posición da*

Concello da Estrada



edificación terciaria indicada no plano O03 é indicativa, en opinión da técnico que subscribe, haberá de respectarse un recuamento da edificación con respecto á parcela LI-1, como mellora da calidade do espazo público (no que se prevé itinerario peonil, co fin de evitar que se produza un encaixonamento entre edificios no seu acceso dende a Avda. de Pontevedra).

m) organismos sectoriais:

Visto que, en data 23/03/2018, emitiu informe xurídico o T.A.X. - Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe do Arquitecto T. Municipal (Sr. Órrea Corral), de data 09/04/2018, relativo ao Informe de antecedentes históricos e arqueolóxicos presentado polos promotores e, particularmente, sobre a definitiva innecesariedade de recabar o informe validatorio da Dirección Xeral de Patrimonio respecto daquel.

Visto que, en data 18/04/2018, os promotores presentaron novo Documento Refundido do Plan Parcial asinado dixitalmente polo arquitecto, D. Ramón Corrochano Royo (SITAG Arquitectura) en igual data, idéntico ao de data decembro de 2017, pero incorporando a xustificación da inexistencia de variacións na delimitación sectorial do Documento Refundido do Plan Parcial en contraste co PXOM, toda vez que obedeceu a un mero erro material de grafismo; circunstancia, así comprobada pola arquitecta municipal (Sra. Neira Mato) no seu novo informe técnico de data 19/04/2018, do seguinte teor literal:

..." O presente informe refírese á documentación gráfica presentada neste Concello en data 18/04/2018 (2018-E-RE-776), asinada o 18/04/2018 polo arquitecto D. Ramón Corrochano, consistente en planos do Plan Parcial_Decembro de 2017 (planos de información do I01 ao I13 e planos de ordenación do O01 ao O20), entendendo que substitúe á anteriormente obrante no expediente coa mesma denominación e obxecto de informe técnico, remitíndome en todos os aspectos non analizados neste informe ao informado en data 16/03/2018. b) Consideracións técnicas_delimitación do ámbito de planeamento: Segundo o indicado no informe técnico emitido en data 16/03/2016 pola que subscribe, no apartado 4 (Disposicións comúns aos plans de desenvolvemento), con respecto á zona límite do ámbito co último edificio da Avda. de Vigo e ao eixo desta mesma rúa, e á vista da planimetría do Plan Parcial presentada neste Concello en data 18/04/2018 (2018-E-RE-776), púidose comprobar que foron subsanadas as discrepancias existentes coa delimitación gráfica establecida no P.X.O.M. para o SUD-R06 (segundo se indica no escrito presentado en data 17/04/2018 polo promotor, debidas a erros materiais de grafismo), axustándose aparentemente á mesma (segundo a documentación gráfica en formato .pdf obrante no expediente e salvo erro ou omisión involuntaria). Segundo se observa no plano O04 de replanteo do ámbito (asinado en data 18/04/2018), as coordenadas principais do ámbito son coincidentes coas do documento analizado por esta técnico para a emisión do informe de data 16/03/2018.

Así pois, en relación á superficie do ámbito (art. 65.2 da LSG), o dato relativo á superficie reflectida na planimetría do PP (planos I07, I08 e O01), é coincidente co recollido na ficha do sector no PXOM, isto é 37.465 m², sen prexuízo da súa acreditación mediante documento fehaciente, para cada unha das parcelas afectadas, no momento da tramitación que proceda, o que se somete ás oportunas



consideracións xurídicas.

Non obstante, en relación ao indicado no apartado 5.d do informe técnico de data 16/03/2018 e á vista do plano O08 do Plan Parcial, haberán de respectarse as condicións do entronque coa Avda. de Vigo (9 metros entre aliñacións, eixo a 4,50 metros) previsto polo P.X.O.M. (plano S2-11 de clasificación do solo urbano)”... .

Visto que, en data 20/04/2018, emitiu novo informe xurídico complementario o T.A.X. - Servizo Xurídico de Urbanismo, cinguido á materia reseñada no parágrafo precedente.

Visto o informe do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde), de data 19/04/2018, relativo ao disposto no art. 23 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia .

Visto o informe xurídico da Secretaria Xeral municipal en funcións (Sra. Fernández Bascuas), de data 20/04/2018.

Visto o informe da Sra. Interventora en funcións (Sra. Méndez Aragunde), de data 20/04/2018, relativo á fiscalización do expediente aprobatorio do Plan Parcial en relación co PXOM e, particularmente, sobor o Informe de Sostibilidade Económica e o impacto que a actuación proxectada producirá na Facenda Pública municipal.

Vistos, entre outros, os arts. 22.2.c, 47.1 e 47.2.II da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; e, o art. 75 e concordantes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión celebrada o 25/04/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Estimar, parcialmente, as alegacións formuladas polos diferentes interesados durante os sucesivos trámites de información pública, con fundamento nos correspondentes informes e consultas sectoriais (especialmente, os pronunciamentos emitidos polo Ministerio de Fomento - Estradas -, pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e polo Instituto de Estudos do Territorio) e municipais.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Plan Parcial do sector de solo urbanizable delimitado *SUD-R06-Avda. de Vigo*, promovido por Dña. María del Carmen, D. Alejandro e D. Juan José Sobrino Granja, e Iberian Retail Parks, S.L., segundo o Documento Refundido de data decembro de 2017 (sen visar), asinado dixitalmente polo arquitecto, D. Ramón Corrochano Royo (SITAG Arquitectura-) en data 8/04/2018 e presentado ante o Concello en igual data (registro de entrada núm. 2018-E-RE-776); e, o Informe complementario: Subsanación Plan Parcial do Sector de solo urbanizable delimitado SUD_R06 de data setembro de 2017 (presentado ante o Concello en data 13/11/2017 - 2017-E-RE-1013, redactado en data 20/09/2017 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Braulio López Gómez -sen visar-).

Nas fases compensatoria e urbanizatoria, observarase o condicionado contemplado nos diferentes informes sectoriais e municipais obrantes no



expediente do que trae causa a documentación técnica definitivamente aprobada.

Terceiro.- Notificar este acordo de aprobación definitiva, para coñecemento e efectos, aos interesados no expediente e, particularmente, a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás que xa se lles notificara a súa aprobación inicial.

Cuarto.- Ordenar a publicación do acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia; e, a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da inscrición rexistral do instrumento de planeamento.

Quinto.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada así como á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra, para coñecemento e efectos.

Expediente 2515/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE PARA DOTAR Á ESTRADA DE ESPAZOS DE APARCAMENTO CUBERTOS CON DESTINO A PERSOAS DISCAPACITADAS E FAMILIAS CON BEBÉ

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para dar lectura á moción que se transcribe literalmente de seguido:

“A Estrada como Concello debe traballar para fixar poboación posto que a caída de habitantes nos últimos anos é preocupante. Así mesmo tamén se debe prestar especial apoio á dinamización do comercio local.

Para lograr estes obxectivos son moitas as medidas que se poden levar a cabo, e moitas delas incluso a custe cero ou moi baixo, sendo só cuestión de vontade política.

Entendendo a necesidade de levar adiante iniciativas transversais para acadar a igualdade entre homes e mulleres, de apoio ás persoas con mobilidade reducida e ou necesidades especiais, así como promover a adecuación de itinerarios e dos medios de transporte para unha mobilidade segura e eficaz, os socialistas estradenses cremos necesario dotar a vila de espazos de aparcamento que faciliten ás familias con bebés e ou persoas con necesidades especiais a súa mobilidade.

Para elo propoñemos a creación de prazas de aparcamento reservadas aos colectivos citados, cubertas, máis amplas e que faciliten o acceso aos vehículos sen que se vexan bloqueados pola proximidade de outros vehículos.

Estas prazas de aparcamento habilitadas con estas prestacións resultan de especial interese nas proximidades de institucións e servizos públicos existentes na vila estradense, así como na zona comercial.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de A Estrada á aprobación dos seguintes ACORDOS:

1.- Habilitar prazas de aparcamento cubertas específicas para familias numerosas ou

Concello da Estrada



con bebés, embarazadas ou persoas maiores con mobilidade reducida nos espazos públicos de aparcamento e nas rúas con rotación.

2.- Delimitar ditas prazas de aparcamento e sinalalas horizontal e verticalmente. Estas prazas terán unha maior amplitude, así mesmo buscarase aquelas nas que a proximidade de outros vehículos non impidan a baixada e subida ao vehículo co obxecto de facilitar tanto o acceso como o aparcamento, fomentado a habitabilidade e de accesibilidade.

3.- Realizar unha campaña de difusión desta nova prestación para o seu coñecemento por parte da cidadanía e a sensibilización social necesaria para o seu bo funcionamento.”

Pide a **Sra. Louzao** que se corrixa o título da Orde do Día deste asunto, polo que queda redactado do seguinte xeito: **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE PARA DOTAR Á ESTRADA DE ESPAZOS DE APARCAMENTO CUBERTOS CON DESTINO A PERSOAS DISCAPACITADAS E FAMILIAS CON BEBÉ.**

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE con data 18/04/2018 (2018-E-RCIU-1).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo, en sesión celebrada o 25/04/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Habilitar prazas de aparcamento cubertas específicas para familias numerosas ou con bebés, embarazadas ou persoas maiores con mobilidade reducida nos espazos públicos de aparcamento e nas rúas con rotación.

Segundo.- Delimitar ditas prazas de aparcamento e sinalalas horizontal e verticalmente. Estas prazas terán unha maior amplitude, así mesmo buscarase aquelas nas que a proximidade de outros vehículos non impidan a baixada e subida ao vehículo co obxecto de facilitar tanto o acceso como o aparcamento, fomentado a habitabilidade e de accesibilidade.

Terceiro.- Realizar unha campaña de difusión desta nova prestación para o seu coñecemento por parte da cidadanía e a sensibilización social necesaria para o seu bo funcionamento.

Expediente 2513/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A NON LIQUIDACIÓN E PAGAMENTO DAS COTAS TRIBUTARIAS NO IRPF DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO CANDO SE PRODUZAN DENTRO DO ÁMBITO DA MESMA EXPLOTACIÓN AGRARIA



Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para dar lectura á moción que se transcribe literalmente de seguido:

“A ninguén que coñeza minimamente a realidade socio-económico do noso concello se lle escapa que o sector agrario ocupa unha posición de preeminencia no noso municipio, que merece máximo apoio e total impulso institucional, en aras do seu mantemento e mesmo progreso que redunde nun significativo beneficio para toda a sociedade dentro do ámbito local.

E nesta liña non podemos obviar unha seria ameaza que está a sofrer o sector agrario no que impera un alto grao de indignación, debido a unha decisión ao noso xuízo arbitraria por parte da Axencia Estatal da Administración Tributaria adscrita ao Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas, que está a causar un notorio prexuízo ás nosas explotacións agrarias que mesmo poden en non poucos casos verse afectadas na súa viabilidade e continuidade xeracional.

A colación disto, cómpre denunciar que a actual Administración Tributaria estalle a reclamar ás persoas que se dedican a agricultura e a gandería, a liquidación e pagamento da cota tributaria correspondente no IRPF, polos cambios de titularidade dos dereitos de pagamento único (agora chamados de pagamento básico), porque Hacienda nunha interpretación torticeira, considera que desta transmisión derívase unha ganancia patrimonial, pola que se debe tributar en virtude dos artigos 36 e seguintes da Lei pola que se regula o IRPF.

Non obstante, consideramos de xeito fundado que esta exixencia de tributación non obedece a unha interpretación axeitada, xa que na Grupo Municipal Socialista da Estrada meirande parte das casuísticas ao respecto, non está a existir unha transmisión real xa que esta cesión de dereitos acostuma a se facer simultaneamente a un cambio de titularidade administrativa da explotación agraria no seu conxunto, habitualmente como consecuencia do cesamento da actividade do seu titular por incapacidade, xubilación, etc., que fai a cesión a un membro da mesma unidade familiar a través dun mero trámite administrativo de cambio de titularidade da explotación, que en ningún caso entendemos que se pode considerar un feito impoñible susceptible de tributación.

Para maior abundamento sobre esta consideración desacertada da Axencia Tributaria, cómpre facer alusión a inxustiza que supón por exemplo tributar pola cesión de dereitos de pagamento básico da PAC entre cónxuxes cun réxime de gananciais que engloba xa eses dereitos que ademais a posteriori da transmisión van seguir a ter a consideración de bens gananciais, e xa que logo, carece de todo sentido e lóxica exixir unha tributación por unha presunta ganancia patrimonial a todas luces inexistente. Unha situación similar sucede tamén coas achegas ás sociedade, normalmente civís nas que continúa a participar o mesmo titular dos dereitos de orixe.

Non entendemos tampouco como pacífica a consideración destes dereitos básicos como activos intanxibles que fai a Axencia Tributaria, para lle dar así o oportuno soporte a súa argumentación, porque cremos que estes dereitos básicos da PAC non supoñen un medio para que a explotación agraria produza un rendemento económico, senón que realmente a súa



finalidade é compensar ás explotacións agrarias destinatarias pola actividade que desenvolven para manter o entorno no que traballan e viven, como pode ser o coidado do medio ambiente.

Ademais en ningún caso debemos esquecer que en Galicia o sector primario proporciona o emprego ao 6,22% da poboación activa que en función do grao de urbanización dos municipios pode chegar a oscilar entre o 34,1% nas zonas intermedias de poboación ata o 58,9% en zonas pouco poboadas, unhas porcentaxes á cuxa relevancia non é allea a realidade do noso concello, e son este tipo de decisións como a que nos ocupa da Administración Tributaria as que fan unha mella significativa no sector agrario que vai en detrimento tamén doutros eidos.

Xa que logo, asumindo sen o máis mínimo atisbo de dúbida que as explotacións agrarias son a principal fonte de emprego no medio rural que constitúen o seu motor económico, xestionando ademais a conservación do medio natural e erixíndose como base esencial para a fixación da poboación Grupo Municipal Socialista da Estrada no territorio, desde o Grupo Municipal Socialista instamos aos demais Grupos Municipais do Concello de A Estrada á aprobación polo Pleno dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno do Estado que a través da Axencia Estatal da Administración Tributaria na liquidación e pagamento das cotas tributarias correspondentes no IRPF, non inclúan aos cambios de titularidade dos dereitos de pagamento básico (anteriormente de pagamento único) cando pertencen a unha mesma explotación agraria e non exista beneficio ou ingreso derivado dun mero trámite administrativo que non debe ser susceptible de cualificación como feito imponible susceptible de tributación.

2.- Demandar ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas que tome as medidas oportunas para dar cumprimento a Proposición Non de Lei aprobada recentemente pola Comisión de Hacienda do Congreso dos Deputados, sobre a non tributación da cesión de dereitos cando se dean as condicións citadas no punto anterior

3.- Exixir á Xunta de Galicia que a través da Consellería de Medio Rural se posicione publica e activamente adoptando as medidas oportunas diante do goberno do Estado para que asuma estas xustas reivindicacións dos/das nosos/as agricultores/as e gandeiros/as para evitar que teñan que sufrir este impacto tan negativo nas súas economías.”

Finalmente, sometido o asunto a votación, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada con data 18/04/20148 polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE (2018-E-RCIR-2) .

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión do 25 de abril de 2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado que a través da Axencia Estatal da Administración Tributaria na liquidación e pagamento das cotas tributarias correspondentes no IRPF, non inclúan aos cambios de titularidade dos dereitos de



pagamento básico (anteriormente de pagamento único) cando pertenzan a unha mesma explotación agraria e non exista beneficio ou ingreso derivado dun mero trámite administrativo que non debe ser susceptible de cualificación como feito impoñible susceptible de tributación.

Segundo.- Demandar ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas que tome as medidas oportunas para dar cumprimento a Proposición Non de Lei aprobada recentemente pola Comisión de Hacienda do Congreso dos Deputados, sobre a non tributación da cesión de dereitos cando se dean as condicións citadas no punto anterior

Terceiro.- Exixir á Xunta de Galicia que a través da Consellería de Medio Rural se posicione publica e activamente adoptando as medidas oportunas diante do goberno do Estado para que asuma estas xustas reivindicacións dos/das nosos/as agricultores/as e gandeiros/as para evitar que teñan que sufrir este impacto tan negativo nas súas economías.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo á A.E.A.T. e á Consellería do Medio Rural, para coñecemento e efectos.

Expediente 252/2018. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN CO MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE Á PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMINOSA A TRAVÉS DA REDACCIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 11, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Concédesse a palabra ao voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para explicar a moción presentada polo seu grupo político o 15/01/2018 (RE 2018-E-CIR) e ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión do 25/04/2018, transcribíndose literalmente de seguido:

“O alumeadado público é un servizo que permite desenvolver múltiples actividades pola noite; polo que podemos consideralo como un servizo esencial que as administracións prestan á cidadanía; pero tamén é indubidable que ao mesmo tempo consume unha gran cantidade de recursos económicos, a modo de exemplo indicar que segundo o IDAE as luminarias repartidas ao longo de todo o territorio do estado supoñen o 42% do consumo enerxético do sector de servizos públicos, e que o 95% deste consumo corresponde as instalacións responsabilidade dos concellos. Polo que se fai imprescindible camiñar cara sistemas que minimicen o consumo e iluminar de forma axeitada única e exclusivamente aquelas zonas que realmente precisemos, evitando desperdiciar enerxía eléctrica iluminando o ceo nocturno.

A lexislación do estado xa recolle a necesidade de reducir os efectos indesexable do mal uso da iluminación pública; así temos que a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do

aire e protección da atmosfera. («BOE» 275, do 16-11-2007.) recolle no seu preámbulo que “a atmosfera é un ben común indispensable para a vida respecto do cal todas as persoas teñen o dereito do seu uso e desfrute e a obriga da súa conservación”, e recoñece que é un recurso vital e que a súa contaminación pode traer como consecuencia danos para a saúde das persoas. Na súa Disposición adicional cuarta recolle fai referencia a contaminación luminosa e di o seguinte:

As Administracións públicas, no ámbito das súas competencias, promoverán a prevención e redución da contaminación luminosa, coa finalidade de conseguir os seguintes obxectivos:

a) Promover un uso eficiente do alumado exterior, sen menoscabo da seguridade que debe proporcionar aos peóns, os vehículos e as propiedades.

b) Preservar ao máximo posible as condicións naturais das horas nocturnas en beneficio da fauna, a flora e os ecosistemas en xeral.

c) Previr, minimizar e corrixir os efectos da contaminación luminosa no ceo nocturno, e, en particular no entorno dos observatorios astronómicos que traballen dentro do espectro visible.

d) Reducir a intrusión luminosa en zonas distintas ás que se pretende iluminar, principalmente en contornas naturais e interior de edificios.

Tamén o Real Decreto 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior e as súas instrucións técnicas complementarias EA-01 á EA-07. («BOE» 279, do 19-11-2008.), recoñece que “a eficiencia e o aforro enerxéticos constitúen obxectivos prioritarios para calquera economía e pódense conseguir sen afectar o dinamismo da súa actividade, xa que melloran a competitividade dos seus procesos produtivos e reducen tanto as emisións de gases de efecto invernadoiro como a factura enerxética; valora a importancia do bo uso dos recursos enerxéticos en termos socioeconómicos e ambientais. Indica tamén que “o uso irracional da enerxía e a contaminación luminosa supoñen un impacto negativo sobre o ambiente, polo que, ante a escaseza de recursos naturais, se fai imperativo evitalos, na medida do posible”.

A contaminación luminosa a que faciamos referencia nos parágrafos anteriores defínese como a alteración da escuridade natural do medio nocturno producida polas emisións artificiais de luz. A contaminación luminosa está provocada entre outras causas pola disipación de luz en zonas que non deben ser iluminadas, ou a horas ou momentos do ano nas que non é preciso iluminalas, ou polo uso de intensidades e espectros de luz inadecuados. Maniféstase de diversas formas, entre elas a intrusión luminosa no medio ambiente e en domicilios particulares, o incremento do brillo do ceo nocturno ou os efectos de cegamento que poden poñer en perigo a seguridade das persoas.

Conscientes dos problemas orixinados por este tipo de contaminación o parlamento Galego en setembro de 2015 aprobou por unanimidade sumir integramente a "Declaración sobre a defensa do ceo nocturno e o dereito á luz das estrelas" (Declaración de La Palma, 2007), e de maneira explícita recolle algunhas das súas ideas fundamentais:

1.- O dereito a un ceo nocturno non contaminado que permita gozar da contemplación do firmamento debe considerarse un dereito inalienable da Humanidade, equiparable ao resto dos dereitos ambientais, sociais e culturais.



2.- A difusión da astronomía e dos valores científicos e culturais asociados deberán considerarse contidos básicos a tratar na actividade educativa.

3.- É imprescindible o control da contaminación luminosa en todo o territorio galego dado o impacto que xera sobre moitas especies, hábitats, ecosistemas e paisaxes. Deberá promoverse e esixirse o uso racional da iluminación artificial para minimizar o resplandor que provoca no ceo e evitar a nociva intrusión de luz sobre os seres humanos e o medio natural.

4.- Os lugares que presenten condicións excepcionais para a contemplación do ceo, e en particular aqueles máis aptos para a observación con fins científicos, serán obxecto dunha protección especial.

5.- Deberá fomentarse o turismo responsable e sostible que faga da paisaxe nocturna un recurso a protexer e poñer en valor.

Desde o BNG consideramos que para de prestar un servizo nas mellores condicións posibles que garantan a calidade do servizo e se faga en condicións que non prexudiquen o medio ambiente nin a saúde das persoas, é preciso que a luz artificial se use só onde se necesita, só cando se necesite, en cantidade suficiente e non excesiva e co espectro axeitado.

Os riscos para a saúde asociados á ruptura do ciclo natural día/noite provocado polo uso abusivo de luz artificial, e en particular da luz branca con intensa compoñente azul, típica dos LEDs máis utilizados hoxe, aconsellan aplicar un principio de precaución na instalación masiva e indiscriminada de LEDs brancos; e optar, de acordo cos estudos dos que se dispón, por lámpadas de menor temperatura de cor e luminarias coas características idóneas para cada espazo que garantan a cantidade de iluminación aos niveis mínimos suficientes para as tarefas a realizar.

Polo exposto nos parágrafos anteriores o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Iniciar os traballos para a redacción dunha ordenanza municipal para a regulación do alumeadado público que teña en conta os seguintes criterios básicos contra a contaminación luminosa:

- O acendido e apagado da iluminación exterior debe vir marcado pola ausencia da luz solar.
- Só naquelas rúas e prazas singularmente escuras por causa do seu trazado urbanístico debería ampliarse o horario de acendido das luminarias.
- Todos os sistemas de iluminación xeral deben incluír mecanismos para a redución do fluxo a partir de certas horas da noite.
- En horario nocturno a iluminación ornamental terá que manterse apagada.
- Con carácter xeral, as luminarias para a iluminación non poden enviar luz por encima do plano horizontal na súa posición de instalación.
- Iluminaranse exclusivamente aqueles lugares onde a luz sexa necesaria. Evitarase a intrusión luminosa en domicilios, espazos non habitados e a emisión directa ao ceo.
- A iluminación de establecementos comerciais deberá permanecer apagada cando estes non se atopan abertos ao público.



2. *Na substitución das antigas luminarias optarase, de acordo cos estudos dos que se dispón, por lámpadas de menor temperatura de cor e luminarias coas características idóneas para cada espazo.*

3. *A divulgación da normativa e de difusión do coñecemento da contaminación luminosa.”*

O **Sr. Magariños** di que non atopa resposta á pregunta de por que o grupo do PP votou en contra desta moción.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que coincide en moitas cousas da moción, pero non no fondo da mesma, sen embargo o grupo de goberno non está pechado á elaboración dunha ordenanza ou, máis ben, un manual de boas prácticas para regular este tema; pero o que lles influíu para votar en contra desta proposta é algunhas cuestións contempladas na moción e coas que non está de acordo por excederse do razoable, tales como a iluminación dos escaparates dos comercios, iluminación das festas, ..., xa que considera non ético prohibirlle aos comerciantes que no horario de peche dos seus locais os teñan a escuras, ou ben que en horario nocturno a iluminación ornamental terá que manterse apagada, cando é realmente a parte do día cando é máis visible.

O **Sr. Magariños** di que o seu grupo político está aberto a matizar diversos puntos da moción á hora de elaborar a ordenanza ou o documento que proceda.

O **Sr. Alcalde** di que, a pesares de votar en contra da moción por culpa de determinadas cousas puntuais, o seu grupo de goberno non está en contra da elaboración dun código de boas prácticas para a utilización de enerxía eléctrica; sen embargo, informa que se está a elaborar o proxecto de eficiencia enerxética para o cambio das luminarias do casco urbano e das instalacións deportivas, así como o tema de telexestión, polo que se controlará a xestión dos alumados públicos, deixando constancia da preocupación do goberno no tema do consumo eléctrico, e, unha vez posta en práctica estes proxectos, espera ter os datos necesarios para avanzar na liña que estamos a debater.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao**, para lembrar que na sesión da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente á que se someteu esta moción, díxose que quizais si era necesario facer un estudo sobre o que se podería mellorar para cumprir o Regulamento de Eficiencia Enerxética e evitar a contaminación alumínica e, deste xeito, ser un exemplo para os cidadáns mediante a dación dese paso na elaboración dese manual de boas prácticas; polo que considera que é unha mágoa que agora se acorde algo diferente, entendendo que o Alcalde debería deixar de delegar as presidencias das Comisións Informativas, e así non se votaría en contra de algo en que está a dicir que está de acordo.

Polo dito, di que o seu grupo vai a votar a favor desta moción.

Intervén a **Sra. Mar Blanco** dicindo que se vai a abster na votación por entender que non se trata de elaborar unha ordenanza, senón máis ben de respectar a normativa xa existente e de



ser responsables co consumo de electricidade, levando a cabo un consumo sostible.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, rexeitándose a moción polos votos en contra do PP (11), a favor do PSdeG-PSOE e BNG (7) e a abstención de MÓVETE (1).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 13 DE ABRIL DE 2018 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os 2 e o 13 de abril de 2018 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2018-360 ao número 2018-414 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda de rogos e preguntas a voceira do Partido Socialista, **Dña. Belén Louzao**, pedindo, en primeiro lugar, que non se agarde ao mes de xuño para ampliar o horario da Biblioteca municipal para os sábados pola tarde, senón que se faga dende o mes de maio con motivo de que as avaliacións de bacharelato, reválida da ESO e de FP, preparación da selectividade e preparación de diversas oposicións, están comezando xa.

En segundo lugar, prega que se proceda a tomar unha determinación sobre a promesa feita aos veciños de Riobó para arranxar unha fonte despois dos traballos de reparación da estrada da Deputación, incluso lembra que dita promesa contemplaba tamén a creación dunha área de descanso; polo que pide que execute ditas obras prometidas.

En terceiro lugar, pide que se arranxe a pista que baixa á piscifactoría sita na devandita parroquia de Riobó, porque, a pesares de ser arranxada xa, existe un desnivel polo que cae a auga e lle está provocando desperfectos importantes nesa pista municipal.

O **Sr. Alcalde** lle responde, con respecto ao horario da Biblioteca, di que o seu horario, a día de hoxe, é de 09:30 h ás 14:00 h e das 16:00 h ás 21:30 h (de luns a venres), e os sábados de 09:00 h a 13:30 h; considerando que é un horario suficientemente amplo, sen embargo é algo que se pode estudar, pero hai que contar cos horarios do persoal dese servizo. Di, así mesmo, que durante finais do mes de maio e principios do mes de xuño, se acordou abrir a Biblioteca os sábados pola tarde, medida que se está a estudar coa contratación dos novos conserxes a través do Plan de Emprego da Deputación, pero aclara que é difícil cubrir todas as demandas de todos os estudantes que fan uso destas instalacións.

A **Sra. Belén Louzao** aclara que o que quixo dicir na súa intervención é que



se horario sexa ampliado aos sábados á tarde dende o mes de maio, e non dende o día 15 do mes de xuño como o ano pasado.

Dentro do tema do estudo, pide que se reforce as tomas de corrente para poder enchufar os ordenadores portátiles ou tablets.

Aproveita este tema para solicitar que tamén se instalen máis tomas de corrente no Salón de Plenos.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para dicir que tres operarios municipais procederon a conectar tres puntos de luz en Pontevea, pero non puideron facelo, polo que pregunta se finalmente se vai a facer.

O Concelleiro do Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M. Constenla**, lle contesta que ten que ir pola noite e así poderá comprobar que xa están colocados e en funcionamento, salvo un, xa que é necesaria a presenza de Protección Civil para regular o tráfico, xa que é unha zona moi perigosa.

Continúa a **Sra. Mar Blanco** dicindo que fai uns días se arranxou a pista que baixa de Riveira ao Areal, sen embargo é necesario que se volva a arranxar porque volve a estar en mal estado.

O Alcalde lle informa que hoxe pola mañá estívose bacheando novamente esa pista, pero espera que pronto se faga unha actuación máis completa e efectiva, por estar contemplada dentro dun proxecto de asfaltados.

Inicia a súa queda o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, trasladando o rogo dos veciños de Guimarei para que se lle dea solución ao verquido das augas resultantes do lavado dos camións municipais, xa que este se efectúa na Nave municipal e despois descorre pola cuneta abaixo de cara á fonte.

Prega tamén que se limpe un verquido incontrolado existente na ponte de Xerliz - Guimarei.

Tamén lle pide, por petición dos veciños, que a recollida do lixo no Pazo de Xerliz que se está a facer todos os xoves, se pase a facela os luns durante o verán.

O Alcalde lembra que o ano pasado xa se facía a recollida de lixo dúas veces á semana, a petición dos propietarios do Pazo de Xerliz.

Continúa na súa intervención o **Sr. Magariños**, para pedir que se repoñan unha farola e un bolardo á altura do nº 37 da rúa principal.

E, para finalizar, formula a pregunta sobre en que fase se atopa o estudo da viabilidade de municipalización da EDAR, asunto iniciado despois dunha moción presentada.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que descoñece o estado actual no se atopa ese estudo, pero considera que, a pesares de non ser partidario da privatización dos servizos municipal, este en concreto debería selo pola súa complexidade de xestión e pola necesidade de persoal municipal que supón; sen embargo, algo que se debería resolver o máis pronto posible e resolver o contrato existente na actualidade coa empresa adxudicataria, pero existe o problema de que para facer un estudo rigoroso co fin de elaborar un prego co fin de iniciar unha nova contratación supón un gasto aproximado de oitenta mil euros, problema que se está intentando resolver con urxencia por causa do estado actual do servizo.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público



asistente, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadá, levántase a sesión ás vinte e dúas horas vinte minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE